As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecúen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local co fin de lograr unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo no ámbito local desde a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xeraren novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

E neste marco artículanse programas cunha dobre perspectiva de serviren de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional das persoas traballadoras desempregadas que participen neles e de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural.

Con esta finalidade implementáronse pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o ano 2020, convocatorias de subvencións a medio de tres Ordes:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.

Subvencións e axudas ás que, principalmente os concellos, optan para realizar contratacións para obras ou servizos relacionados coa protección civil e a seguridade das persoas e dos bens.

- Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

Neste caso, os beneficiarios son os concellos rurais, e con esas subvencións ás que optan, contratan a persoas desempregadas para levar a cabo tarefas maiormente relacionadas coa prevención de incendios.

- Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galiza (Risga).

Neste caso, tamén son beneficiarios os concellos, que optan a esas subvencións para contratar persoas en situación ou risco de exclusión social, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social competencia das entidades locais.

Ordes todas elas publicadas no DOGA de 28 de xaneiro de 2020, que articulan subvencións financiadas con cargo a aplicacións orzamentarias contidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2020 aprobado polo Consello da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A día de hoxe, e pasados xa máis de dous meses dende as datas en que habitualmente sae publicada a convocatoria destas subvencións, nada hai publicado no Diario Oficial de Galiza.

O cal xenera unha preocupación importante nas entidades locais, principais beneficiarias das subvencións. Máxime, nun contexto como o actual, de crise sanitaria, laboral, social e económica no que parece imprescindible mobilizar ata o último euro dos fondos destinados á empregabilidade.

Os concellos precisan máis que nunca da posibilidade de acceder a estas subvencións, dada a merma que nas arcas municipais supuxo, e supón, ter que asumir gastos propios e impropios derivados da adopción de medidas de prevención sanitaria, e as medidas económicas adoptadas para intentar paliar a difícil situación pola que atravesan moitos sectores produtivos da sociedade local.

Os concellos ven con inquedanza que nestas datas aínda non se publicase a convocatoria destas subvencións, debido, por un lado, ao certo alivio que supón para a súa tesourería acceder a estas axudas; e por outro, polos prazos que esixe a procedemento para a súa concesión, dado que os contratos que se financian con elas son para obras ou servizos estacionais na maior parte dos casos, que se levan a cabo en datas moi próximas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

. Cales son as razóns para que máis de dous meses despois da data habitual na que se publican as bases que regulan estas axudas e subvencións, aínda non se tiveran convocado?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Ten previsto a Xunta de Galiza implementar de inmediato a convocatoria de axudas e subvencións, financiadas con cargo aos Orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2021, e orientadas ao fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, ao fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e á contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galiza (Risga)?

. Considera a Xunta que o retraso na convocatoria destas axudas e subvencións pode afectar ao obxecto que se persegue coa convocatoria destes tres programas?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 16/04/2021 11:22:52**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 16/04/2021 11:23:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2021 11:23:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Carme González Iglesias,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, relativa á aplicación práctica das novidades introducidas pola Orde de 14 de abril que modifica Orde de 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura de Galiza, e financiación dos medidores de CO2 establecidos como requisito para ampliar o horario de peche determinados establecementos de hostalaría.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a necesidade de que a Xunta financie os custes que se poden derivar dos requisitos esixidos pola mesma para moitos establecementos de hostalaría.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego ven de publicar no Diario Oficial de Galiza do 14 abril a Orde desa mesma data pola quen se modifica a Orde de 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura de Galiza.



A medio desta Orde, na Disposición Dous do corpo do mesmo, introdúcese un punto sétimo bis na Orde do 25 de febreiro, que di o seguinte:

«Sétimo bis. Requisitos aplicables nos establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante que utilicen a opción de ampliar o seu horario de peche máis alá do horario estipulado para os restantes establecementos de hostalaría:

Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante que utilicen a opción de ampliar o seu horario de peche máis alá do horario estipulado para os restantes establecementos de hostalaría exclusivamente para o servizo de ceas, de acordo co establecido na Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 en Galiza, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. A xestión da ocupación das mesas para o servizo de ceas deberá levarse a cabo mediante a reserva ou citación previa.

2. Co obxectivo de facilitar o seguimento de contactos ante casos positivos de COVID-19, levarase un rexistro dos clientes do servizo de ceas que inclúa nome e apelidos, DNI e número de teléfono; a persoa responsable do establecemento terá a obriga de custodialo durante polo menos un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

3. Garantirase a correcta ventilación do local que se obxectivará a través da utilización de dispositivos medidores de CO<sub>2</sub>, que deberán dispor dunha pantalla que mostre os niveis de CO<sub>2</sub> en tempo real nunha zona visible para os usuarios. Estes dispositivos deberán levar a marcación CE.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A localización do medidor deberá axustarse ás indicacións técnicas aplicables e ter en conta o tamaño e a forma do espazo, as súas entradas de aire e o fluxo da ventilación. Non se situarán preto das xanelas, portas ou outros puntos de ventilación.

No caso de sistemas mecánicos de ventilación, débese asegurar en todo caso o nivel de CO2 interior e persoal cualificado documentará o mantemento adecuado e as actuacións realizadas.

Tanto nos casos de ventilación natural coma nos de mecánica ou mixta, non se deberán superar no interior as 800 p.p.m. de concentración de CO2 , será responsabilidade do local adoptar as medidas precisas de renovación do aire para que non se supere a cifra indicada».

A obriga de utilización de dispositivos medidores de CO2 terá efectos a partir das 00.00 do día 23 de abril de 2021, o que supón unha moratoria de unha semana para implementar esta esixencia para os locais que elixan esta opción de ampliar o seu horario.

O requisito concreto dos medidores de CO2 exemplifica, unha vez máis, a improvisación e a falta de diálogo cunha representación ampla e plural do sector.

Improvisación, porque na mesma norma onde se establece o requisito, que se enmarca na procura dunha hostalaría segura, fíxase unha moratoria de unha semana para a súa aplicación. Co que nesa semana que pode transcorrer entre a entrada en vigor da norma e a obrigatoriedade do requisito, podería non cumprirse co obxectivo de prevención da medida imposta.

E a falla de diálogo real co sector é clara, porque esta medida, a dos medidores de CO2 xa fora trasladada polo sector, pero para toda a franxa horaria de apertura, co fin





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de poder ampliar dun xeito controlado e seguro, a porcentaxe de aforo permitida no interior dos locais.

Por non falar da arbitrariedade das medidas adoptadas pola Xunta de Galiza nesta Orde de 14 de abril, que discrimina segundo o tipo de licenzas, sen atender aos usos, como sería máis lóxico. E sen que dende o goberno se explique, nin publicamente nin na propia norma, cal é a base científica e técnica das novas medidas.

Cuestións todas estas que volven a crear un gran malestar nun sector especialmente castigado e que se atopa ao límite da súa resistencia.

Por iso, no referido aos medidores de CO<sub>2</sub>, e atendendo á situación gravísima de falta de liquidez pola que atravesa o sector, é imprescindible que polo goberno galego se abra de maneira inmediata unha liña específica de axudas.

A finalidade desta liña sería financiar o custe dos aparatos, e á que poderían acceder os locais con licenza de restaurante que opten, para dar o servizo de ceas, por ampliar o seu horario de peche mais aló do horario estipulado para os restantes establecementos de hostalaría.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

. Ten previsto o goberno galego implementar unha liña de axudas específica dirixida aos establecementos de hostalaría con licenza municipal de restaurante que opten por ampliar o seu horario de peche máis alá do horario estipulado para os restantes establecementos de hostalería exclusivamente para o servizo de ceas, co fin de cubrir os custes de adquisición e instalación dos medidores de CO<sub>2</sub> que require a Orde





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do 14 abril, pola quen se modifica a Orde de 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura de Galiza?

. Consensuou a Xunta de Galiza cunha representación ampla e plural do sector as medidas establecidas na ORDE do 14 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura de Galiza?

. No relativo aos medidores de CO<sub>2</sub>, considera Xunta de Galiza que na semana que pode transcorrer entre a entrada en vigor das medidas contidas na Orde e a obrigatoriedade do requisito dos medidores de CO<sub>2</sub>, podería non cumprirse co obxectivo de prevención da medida imposta?

. Existe algunha base científica e/ou técnica que xustifique a discriminación que nesta Orde se fai entre establecementos con licenza municipal de restaurante e os resto de establecementos de Hostalaría? Cal é?

. Por que razón, atendendo á redacción da Orde de 14 de abril, se establece o requisito da reserva (ou cita previa) e o rexistro de clientes, só para o servizo de ceas?

. Como se vai controlar a distribución homoxénea das mesas e cadeiras e a súa non concentración en espazo concretos, así como o uso ou non uso das salas e comedores a efecto do cálculo da capacidade interior do local, recollido na Disposición Primeira, Un da orde do 14 de abril?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Daniel Pérez López**  
**Ramón Fernández Alfonso**  
**Carme González Iglesias**  
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 19/04/2021 10:29:49**

**Ramón Fernández Alfonso na data 19/04/2021 10:30:00**

**María do Carme González Iglesias na data 19/04/2021 10:30:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Carme González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de ofertar bacharelato de artes no Concello de Redondela.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que a vila de Redondela adoce dunha eiva fundamental na súa oferta educativa. A oferta de bacharelatos neste concello non contempla a posibilidade de que as mozas e mozos de Redondela poidan estudar o bacharelato de artes no seu concello.

Na actualidade calquera alumno ou alumna de Redondela que queira cursar os seus estudos de bacharelato de arte non ten máis remedio que facelo fóra do seu concello. A oferta destes estudos máis próxima atópase no concello de Mos, un centro educativo no que a oferta de artes fica todos os anos saturada con dúcias de alumnos que non acadan praza.

A falta de prazas para o alumnado desta vila ten, por unha banda, un efecto disuasorio para aquel alumnado que puidera ter como primeira opción eses estudos de arte, dada a falta de oferta no concello de Redondela. Mais pola outra, ten tamén un importante custe económico; xa que obriga ás familias que apostan polos estudos artísticos a teren que pagar desprazamentos a Vigo ou a Pontevedra, co consecuente impacto nas economías .





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Redondela foi historicamente un concello coñecido polo seu dinamismo cultural e artístico e conta con dúcias de asociacións e movementos artísticos e culturais implicados na vida da vila. É evidente pois, que unha oferta de estudos de arte neste concello percíbese como unha necesidade urxente por toda a veciñanza de Redondela.

Na actualidade, na vila de Redondela hai 3 Institutos de Ensino Secundario. O IES Mendiño, o IES Pedro Floriani, e o IES Illa de San Simón; este último un IES que só conta con oferta de ESO. Ningún destes instituto ten oferta de Bacharelato de artes.

Hai xa varios meses que tanto dende o Concello de Redondela veñen anunciando a posibilidade de restauración das antigas casas dos mestres. Un espazo integrado nos terreos colindantes cos do IES Illa de San Simón e que o propio centro reivindicou en varias ocasións para que fose rehabilitado e para que se puidesen ofertar neste edificio os estudos de bacharelato de artes, aproveitando a simbiose de profesorado e espazos que este centro permitiría.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Vai o goberno galego ampliar a oferta educativa incorporando o bacharelato de artes ás ensinanzas ofertadas no concello de Redondela?

-Vai o goberno galego estudar a posibilidade de que a recuperación das antigas casas dos mestres permita que se incorporen o bacharelato de artes nesta edificación, posibilitando, por unha banda, que o concello de Redondela conte coa oferta educativa





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de artes que precisa así como con espazos adecuados na zona educativa Marisma dotando ao mesmo tempo o IES Illa de San Simón de estudos de bacharelato?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Carme González Iglesias**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/04/2021 18:42:28**

**María do Carme González Iglesias na data 08/04/2021 18:42:30**

**Alexandra Fernández Gómez na data 08/04/2021 18:42:38**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a nova orde de atención á diversidade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O texto da orde de atención á diversidade que a Xunta de Galiza ven de presentar está a motivar unha fonda preocupación tanto nos sectores que atenden á diversidade como na propia comunidade educativa.

Estamos a falar dun texto do que se desprende unha concepción totalmente extemporánea e superada da atención á diversidade, que afonda na política privatizadora da Xunta de Galiza, que ten un carácter fondamente burocratizador da atención á diversidade e que non ten máis función no seu articulado que a meramente propagandística.

Estamos ante unha orde na que se produce unha confusión permanente entre dous conceptos fundamentais na atención á diversidade como son os de integración e inclusión, que non contempla as diferentes realidades que existen por tras de termos como altas capacidades ou NEAE, por exemplo, que prioriza os criterios economicistas sobre os dereitos do alumnado a ser atendido até o punto de establecer unha correlación entre os dereitos dun neno ou dunha nena con necesidades a ser atendido e a dispoñibilidade horaria e de persoal que exista nun centro.







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así mesmo, esta orde afonda nunha serie de indefinicións no seu articulado que impiden que a atención á diversidade se poida exercer con garantías . Indefinicións como que non aparezan explicitadas as funcións do profesorado especializado (nomeadamente PT e AL), que non se desenvolvan as actuacións da administración educativa recollidas no artigo 5 do Decreto 229/2011 ou que se obvie a perspectiva de xénero e a educación afectivo-sexual.

Unha orde que ademais, tal e como denuncian na comunidade educativa non leva aparellada unha redución de ratios nin dota os centros dos recursos necesarios para atender este alumando, que non contempla a carga horaria do profesorado, nin a situación dos departamentos de orientación, que non reforza figuras como a do persoal coidador e que nin sequera fai mención a profesionais que teñen un papel central neste eido, como os educadores sociais ou interpretes de signos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Que valoración fai o goberno galego da orde de atención á diversidade presentada pola Xunta de Galiza?

. Vai o goberno galego elaborar unha nova orde de atención á diversidade consensuada cos axentes da comunidade educativa e que vaia acompañada dos recursos económicos e do persoal necesario para que a comunidade educativa galega teña garantida a atención á diversidade.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 08/04/2021 18:22:16**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/04/2021 18:22:19**

**Mercedes Queixas Zas na data 08/04/2021 18:22:28**



## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera, Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Acerca das obras realizadas pola Consellería de Infraestruturas en Ourense, no entorno do pavillón dos Remedios, indicar que primeiro foi a reforma integral do pavillón dos Remedios, cuxa obra foi recepcionada con múltiples eivas de accesibilidade e defectos construtivos, que motivaron que se tivera que adiar incluso a súa apertura ao público tras denuncias realizadas polo Partido Socialista e por centrais sindicais con representación no Concello de Ourense. Unha reforma insuficiente que agora ten que ser complementada a través do orzamento do Consello Municipal de Deportes para o arranxo das pistas exteriores por importe de 240.000 €.

Posteriormente, outra actuación no mesmo entorno, como é o proxecto dun novo Skate Park, concretamente no parque do Couto, este grupo político solicitou que se buscaran alternativas para a súa situación ante os posibles danos que podía ocasionar a este pulmón verde da nosa cidade que tamén contaba co rexeitamento veciñal e das persoas usuarias do parque.

Unha vez iniciadas as obras, desenvolvendo a Xunta de Galicia as peticións do Partido Socialista en Ourense, e defendendo o Partido Popular que este era un gran proxecto que non ocasionaría danos e que beneficiaría ás persoas usuarias de deportes deste tipo, puxemos de manifesto a parálise que presentan e a inutilidade e insuficiencia desta nova infraestrutura, que ademais foi refrendada polas propias usuarias, que xa barallaban a posibilidade de ter que desprezarse ás novas instalacións deste tipo que se abrirán ao público en Pereiro de Aguiar.

Recentemente, o propio PP, que defendía a capa e espada o novo Skate Park, levou unha iniciativa ao Pleno do Concello de Ourense, para demandar a construción doutro novo, auto emendándose e recoñecendo que este non chega nin atende ás necesidades dos usuarios e usuarias, pero sen asumir que se equivocaron e que foi unha oportunidade perdida por unha mala planificación estratéxica.



En canto a este novo futuro Skate Park, asistimos con asombro a como o alcalde Pérez Jácome anunciaba esta fin de semana que barallaba outro parque, o das letras, ou ben Barrocás, coma futura situación, unha vez máis de costas á veciñanza e ás persoas usuarias, e sen visión de futuro.

Cremos que a cidade non se pode converter nun tetris de pezas sen sentido e que se debe planificar e executar novas infraestruturas da man dos afectados e tamén dos grupos políticos, antes de poñer en marcha calquera actuación.

Os feitos demostran que a Xunta de Galicia e o PP actuaron desta maneira e agora temos que asumir dotacións que poden caer no abandono, malgastando diñeiro público e poñendo en risco ou esnaquizando zonas verdes e espazos de espaxamento urbanos.

Finalmente, dentro tamén destas obras no entorno do pavillón dos deportes, proxectadas pola Xunta de Galicia, atopámonos co levantamento dunha plataforma de formigón a carón da Ponte Romana, ante o que prevemos que pode ser outro mamotreto sen sentido que xa se levou por diante as árbores da zona e que pode afean un dos monumentos emblemáticos da nosa cidade e por en risco a súa protección e posta en valor.

Non entendemos que se perda esta oportunidade histórica para de verdade acondicionar un entorno tan importante para o desenvolvemento urbano de Ourense, no que nin tan sequera se incluíu no proxecto das obras o arranxo da beirarrúa sita no barrio da Ponte ao inicio da Ponte Romana, pechada despois de dous anos e con riscos de derrubamento e no que se están a executar tamén accións de saneamento inapropiadas que terán consecuencias no futuro.

En definitiva este último é un exemplo máis da política en materia de infraestruturas da Xunta de Galicia en Ourense, avalada con pleitesía polo Partido Popular, e polo exposto as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a redefinir a planificación das obras a realizar pola Consellería de Infraestruturas no entorno do pavillón dos Remedios, nomeadamente no entorno da ponte romana e futuro parque Skate Park?

Pazo do Parlamento, 8 de abril do 2021





**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 09/04/2021 10:32:09**

**Marina Ortega Otero na data 09/04/2021 10:32:19**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/04/2021 10:32:30**

**Pablo Arangüena Fernández na data 09/04/2021 10:32:40**

**Paloma Castro Rey na data 09/04/2021 10:32:53**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O parque de Cotorredondo é unha reserva natural que reúne a súa riqueza ao redor do lago Castiñeiras. Este parque natural é un espazo único no que conviven especies autóctonas con árbores de orixes moi diferentes. Ten varias áreas recreativas, así como sendeiros para gozar do medio natural. Atópase ademais neste marco a acrópole megalítica "Chan de Castiñeiras" e o mirador de Cotorredondo, que, en días claros, permite apreciar a beleza das Rías Baixas no seu conxunto.

Actualmente o parque ten unhas 70 hectáreas de superficie repoboada con castiñeiros, bidueiros, carballos americanos e outras especies exóticas. O parque constitúe unha importante área de refuxio e reprodución para moitas especies de animais salvaxes.

A situación deste parque natural de Cotorredondo é de total abandono. Os valados están estragados, a sinalización é inexistente e a estrutura do mirador está en situación ruínosa.

O seu deterioro é moi grave, tanto no que atinxe a conservación das estradas como das instalacións. Por outra banda, as mámoas e os paneis informativos non teñen ningún mantemento.

A propiedade deste parque é da Xunta de Galicia, os convenios que tiña de cesión de uso coas dúas comunidades de Montes de Vilaboa e Sta Cristina caducaron, por falla de cumprimento dos compromisos do goberno autonómico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista esiximos á Xunta de Galicia a recuperación desta zona para que volva a ser unha referencia turística e medioambiental.



Os cidadáns e cidadás que visitan este entorno tanto para apreciar as fermosas vistas panorámicas como para pasar o día en contacto coa natureza non poden levarse unha boa impresión ante este abandono.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 esta demanda do Goberno Municipal de Vilaboa de recuperar o entorno do parque natural de Cotorredondo, sendo rexeitada esta emenda pola Xunta de Galicia.

O Goberno autonómico ten que recuperar o entorno do parque natural de Cotorredondo para que se converta nun lugar turístico e un referente en educación ambiental.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

A Xunta de Galicia ten pensado realizar un proxecto de recuperación do mirador de Cotorredondo e do entorno do lago Castiñeiras con accesos acondicionados, mellora e instalación de valados e posta en valor do parque natural?

Pazo do Parlamento, 7 de abril do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Pablo Arangüena Fernández  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 09/04/2021 10:59:09**

**Martín Seco García na data 09/04/2021 10:59:16**

**Pablo Arangüena Fernández na data 09/04/2021 10:59:27**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/04/2021 10:59:36**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/04/2021 11:17:28  
**Nº Rexistro: 14020**  
Data envío: 09/04/2021 11:17:28.269

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/04/2021 10:59:48**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGGeYqAe914  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O parque de Cotorredondo é unha reserva natural que reúne a súa riqueza ao redor do lago Castiñeiras. Este parque natural é un espazo único no que conviven especies autóctonas con árbores de orixes moi diferentes. Ten varias áreas recreativas, así como sendeiros para gozar do medio natural. Atópase ademais neste marco a acrópole megalítica "Chan de Castiñeiras" e o mirador de Cotorredondo, que, en días claros, permite apreciar a beleza das Rías Baixas no seu conxunto.

Actualmente o parque ten unhas 70 hectáreas de superficie repoboadas con castiñeiros, bidueiros, carballos americanos e outras especies exóticas. O parque constitúe unha importante área de refuxio e reprodución para moitas especies de animais salvaxes.

A situación deste parque natural de Cotorredondo é de total abandono. Os valados están estragados, a sinalización é inexistente e a estrutura do mirador está en situación ruínosa.

O seu deterioro é moi grave, tanto no que atinxe a conservación das estradas como das instalacións. Por outra banda, as mámoas e os paneis informativos non teñen ningún mantemento.

A propiedade deste parque é da Xunta de Galicia, os convenios que tiña de cesión de uso coas dúas comunidades de Montes de Vilaboa e Sta Cristina caducaron, por falla de cumprimento dos compromisos do goberno autonómico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista esiximos á Xunta de Galicia a recuperación desta zona para que volva a ser unha referencia turística e medioambiental.



Os cidadáns e cidadás que visitan este entorno tanto para apreciar as fermosas vistas panorámicas como para pasar o día en contacto coa natureza non poden levarse unha boa impresión ante este abandono.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 esta demanda do Goberno Municipal de Vilaboa de recuperar o entorno do parque natural de Cotorredondo, sendo rexeitada esta emenda pola Xunta de Galicia.

O Goberno autonómico ten que recuperar o entorno do parque natural de Cotorredondo para que se converta nun lugar turístico e un referente en educación ambiental.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

A Xunta de Galicia ten pensado realizar un proxecto de recuperación do mirador de Cotorredondo e do entorno do lago Castiñeiras con accesos acondicionados, mellora e instalación de valados e posta en valor do parque natural?

Pazo do Parlamento, 7 de abril do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Pablo Arangüena Fernández  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 09/04/2021 11:00:04**

**Martín Seco García na data 09/04/2021 11:00:09**

**Pablo Arangüena Fernández na data 09/04/2021 11:00:18**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/04/2021 11:00:29**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/04/2021 11:17:40  
**Nº Rexistro: 14021**  
Data envío: 09/04/2021 11:17:40.472

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/04/2021 11:00:38**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGGeYqAe914  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández e María Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A representación da empresa Repsol Petróleo no complexo industrial da Coruña reuniuse recentemente cos representantes dos traballadores para lles comunicar a intención da compañía de aplicarlle un ERTE ao cadro de persoal da dita refinería por un período de 6 meses. Un expediente que afectaría a un total de 212 traballadores/as, o que representa máis dun 30 % do cadro de persoal da dita factoría.

É a primeira vez na historia que a empresa leva a cabo unha decisión tan drástica como esta, tendo en conta que a pesar de estar nun momento complicado pola crise da covid-19, a petroleira tivo un resultado neto axustado no 2020, que mide o desempeño do negocio e que exclúe a variación no valor das existencias e resultados extraordinarios, dun beneficio de 600 millóns de euros, o resultado neto axustado da área industrial -que inclúe as actividades de refino, Repsol Perú, Química, Trading e Comercialización & Trading de Gas- baixou un 67,5 %, desde os 913 millóns de euros de 2019 aos 297 millóns de 2020, debido á menor actividade e á caída das marxes de refino.

A pesar do difícil contexto, a compañía logrou en 2020 reducir a súa débeda neta nun 28 % (1.178 millóns) ata situala en 3.042 millóns e obter un fluxo de caixa positivo de 1.979 millóns. Ademais, ao peche de 2020 tiña unha liquidez de 9.195 millóns de euros, o que supón 3,23 veces os vencementos de débeda bruta no curto prazo.

Por outra banda, Repsol, acordou propoñer á xunta de accionistas o pago dun dividendo complementario en efectivo de 0,30 euros brutos por acción con cargo aos beneficios de 2020, que se pagará a partir do 7 de xullo de 2021 e a repartición doutro dividendo, asimilable ao tradicional pago a conta do exercicio de 2021, polo mesmo importe, cuxa distribución se fará efectiva en xaneiro de 2022.



Nesta situación vivimos como a compañía desembolsou case 20 millóns de euros, segundo a CNMV, para indemnizar a o ex directivo Suárez de Lezo que abandonou a súa actividade executiva ou os seus presidentes e conselleiro delegado, ingresan anualmente máis de 3 millóns de euros. O ERTE na Coruña e Puertollano podería supoñer un aforro para a compañía de entre 4 e 5 millóns de euros, despois de que o persoal de ambos centros mostrasen o seu compromiso coa empresa, nos difíciles momentos da pandemia, na que mantiveron en todo momento a actividade das plantas, algo que foi felicitado publicamente pola propia dirección da empresa.

A principios do mes de marzo, Josu Jon Imaz, conselleiro delegado de Repsol foi recibido polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto N. Feijóo para analizar as posibilidades de acudir aos Fondos Next Generation desta empresa e os seus efectos na economía e no emprego da nosa terra. Durante a reunión, o Sr. Imaz informou ao presidente Feijóo dos proxectos de Repsol na Coruña para acudir aos fondos europeos.

Poucas datas antes do anuncio do posible ERTE, a empresa presentoulles aos representantes dos traballadores unha plataforma de negociación dun novo acordo marco para todo o Grupo Repsol, cunhas reducións importantes de salarios e beneficios sociais, o que invita a pensar, que Repsol está utilizando a arma do expediente temporal como medida de presión cara aos traballadores nun momento de negociación de acordo marco e posteriormente convenios colectivos.

Non entendemos que despois de que Repsol anunciase investimentos na Coruña durante a reunión co presidente Feijóo, anuncie tal castigo para un cadro de persoal que se comportou sempre dun xeito profesional e aportando paz social ao desenvolvemento económico da empresa, cun aforro testemuñal que suporía o ERTE formulado para Repsol.

A Coruña e o seu desenvolvemento económico e industrial, necesitan certezas sobre o futuro dunha planta industrial que deixa moitos postos de traballo na comarca, máis de 600 de xeito directo e moitos máis en auxiliares, polo que o Goberno da Xunta de Galicia, debe explicar cales foron as actuacións e o futuro que a empresa lle veu a expoñer a Feijóo hai un mes e se vai tomar iniciativas para que Repsol cumpra coa súa responsabilidade social corporativa e renuncie a levar a cabo un ERTE que non soluciona ningún problema para a compañía e o seu futuro.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a opinión do Goberno galego sobre o ERTE formulado por Repsol? Cales son as medidas que vai tomar o Goberno galego para tratar de evitalo?

2ª) É coñecedor o Goberno galego do proxecto de futuro que ten Repsol na Coruña? Sabe se a empresa garante o emprego do cadro de persoal da Coruña no futuro?

3ª) Que temas foron falados na reunión de marzo entre Imaz e Feijóo? Cales son os proxectos que expuxo Repsol para A Coruña? Ten Repsol participación nalgunha das manifestacións de interese comunicadas pola Xunta de Galicia para os fondos Next Generation e ten participación neles a Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 09/04/2021 16:40:32**

**Pablo Arangüena Fernández na data 09/04/2021 16:40:55**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 09/04/2021 16:41:18**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

A TVG emite dende hai anos cada xoves o programa ‘Land Rober Tunai Show’, un dos produtos de entretemento da cadea pública de televisión con maior cota de pantalla.

No programa do pasado 8 de abril tivo lugar unha situación inadmisíbel en calquera contexto, pero moito máis nun programa dunha canle pública, que ademais de entreter ten entre as súas misións formar e educar en valores e entre as súas obrigas incorporar a perspectiva de xénero en todos os seus contidos.

Coma se dun xogo se tratase, pretendíase unha reconciliación entre unha parella sendo ela a que sentaba no plató absolutamente enganada. Tivo que ser despois de que ela -forzada pola situación- narrase as causas da ruptura, cando no programa se decataron de que aquilo non era a “historia de amor” que supostamente pretendían.

É intolerable que se siga normalizando o acoso, unha forma máis de violencia machista, e que dende unha cadea pública non exista un maior control sobre este tipo de situacións nas que se pretende buscar ‘finais felices’ a ‘historias románticas’, perpetuando deste xeito o concepto de amor romántico, hoxe máis que superado por razóns evidentes directamente relacionadas con moitos tipos de violencias.

Pero o que resulta a todas luces intolerable é como se o programa se gravaba horas antes da súa emisión, emitíase igualmente este contido cando xa se coñecía o desenlace. Como dende unha canle pública se decide emitir un contido que vulnera a dignidade e intimidade dunha muller? A este respecto, preocúpanos a inexistencia de ferramentas na CRTVG para detectar este tipo de contidos e situacións que mostran unha preocupante nula perspectiva de xénero.

Constantemente escoitamos dende a dirección xeral da CRTVG o seu forte compromiso coa igualdade e dende o Grupo Socialista cada vez dubidamos máis del. Non só polo incumprimento da propia Lei de medios públicos senón tamén das recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos



medios de comunicación públicos galegos que aprobaba o propio Pleno do Consello de Administración o 2 de decembro de 2015.

Normalizar o acoso nunha relación, non entender os ciúmes como unha forma de violencia, infantilizar as decisións das mulleres ou violar a súa intimidade dan soporte ás violencias e revitimizan ás mulleres. Defender os mitos acerca do amor romántico non é máis que unha consecuencia do sistema patriarcal no que aínda vivimos.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o director xeral da CRTVG a polémica do programa Land Rober do 8 de abril a respecto dun caso de acoso nunha relación de parella?

2ª) Como explica que dende unha canle pública se decida emitir un contido que vulnera a dignidade e intimidade dunha muller?

3ª) Tomou a dirección da CRTVG algunha decisión ao respecto? Pensa facelo? En caso afirmativo, cal?

4ª) Que papel xoga a Dirección de Contidos da CRTVG neste tipo de situacións?

5ª) De que ferramentas dispón a CRTVG para evitar que estas situacións se produzan?

6ª) Existe algún tipo de control de contidos previo á emisión dos programas sexan ou non de produción propia?

7ª) Cre necesaria a existencia na CRTVG dunha figura ou departamento dedicado a velar polo cumprimento da perspectiva de xénero en todos os seus contidos?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 10/04/2021 14:46:07**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 10/04/2021 14:46:25**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o comunicado feito público pola Federación de confrarías galegas esta mesma fin de semana, a afectación do Regulamento de Control da Pesca aprobado recentemente polo Parlamento europeo podería ir moito máis alá do que inicialmente estaba previsto respecto do sector pesqueiro galego.

Nunha reunión mantida o pasado venres coa Dirección Xeral de Pesca e Acuicultura, do Ministerio de Agricultura e Pesca, para tratar sobre o mencionado Regulamento, foron informadas de que as persoas adicadas á pesca “sen buques” tamén terán a obriga de enviar os datos de capturas diarias de forma individual.

Como é sobradamente coñecido, o colectivo de mariscadoras e mariscadores a pé está regulado a través dos plans de explotación aprobados pola Consellería do Mar, e o marisco é pesado e controlado nas lonxas.

Unha vez máis, a lexislación de pesca europea ignora a realidade e as condicións de traballo da nosa frota artesanal e nomeadamente do colectivo de mariscadoras e mariscadores a pé, impoñendo normas ás que deben someterse mesmo traballando en





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

augas interiores e, na inmensa maioría dos casos, en praias que apenas distan das lonxas, onde se pesa e se rexistra o produto.

Son as propias confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores as que levan a cabo todo tipo de actuacións de control e salvagarda do medio mariño e das especies das que viven. Están suxeitas a cotas máximas de capturas, existen puntos de control da actividade, así como vixilancia dos bancos marisqueiros por parte do propio sector.

Os bancos marisqueiros están delimitados por especie comercial, coñécense os niveis de capturas de cada unha, analízase o resultado do esforzo pesqueiro ao que están sometidas e existen períodos de autorización tendo en conta datos científicos.

En definitiva, o marisqueiro é un sector que xa conta con medidas de regulación, supervisión, comprobación, inspección e vixilancia que garanten a súa sostibilidade. É, ademais, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma e a intensificación dos controis por parte doutras administracións non é xustificábel nin razoábel.

E chama moi poderosamente a atención que a mesma Unión Europea que pon atrancos sistematicamente para recoñecer ao sector marisqueiro e ás confrarías á hora da súa inclusión en determinadas axudas de fondos europeos, sexa agora a que queira tomar parte da súa regulamentación, sen ter en conta nin ao propio sector nin ás circunstancias e condicións nas que desenvolven o seu traballo.

O goberno galego ten que levar a cabo todas as actuacións que impidan que este novo atropelo se efective e que o sector marisqueiro se vexa sometido a novas normas que só lle reportarían maiores trámites e prexuízos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Cal é a valoración que fai o goberno galego do novo Regulamento de Control da Pesca aprobado recentemente polo Parlamento europeo e das medidas que establece respecto da pesca artesanal galega?

. Ten coñecemento de que o sector marisqueiro galego pódese ver tamén afectado pola nova normativa? E dos obxectivos que pretende a UE coa súa inclusión no Regulamento?

. Que actuacións levou ou vai levar a cabo para impedir que así sexa?

. Que medidas vai implementar para defender as súas competencias exclusivas en marisqueo diante da UE e mesmo diante do goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 12/04/2021 10:08:52**

**María do Carme González Iglesias na data 12/04/2021 10:08:58**

**Daniel Castro García na data 12/04/2021 10:09:07**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Martín Seco García, Luís Manuel Álvarez Martínez e Leticia Gallego Sanromán**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No termo municipal de Cerdedo-Cotobade, estase a tramitar o proxecto de execución do parque eólico de Campo das Rosas, que neste momento se atopa en fase de alegacións.

Este proxecto ten por obxecto a construción de 3 aeroxeneradores neste concello e adicionalmente 5 máis nos termos municipais de Campolameiro e A Estrada, cunha potencia de 3,45 MW cada un deles.

Estes aeroxeneradores estarán situados nos lugares de Monte Agudo, Outeiro de Reconto, Outeiro Longo, Alto do Cabeirín e Campoverde, conectados entre sí a través de 2 liñas soterradas que confluirán nunha subestación eléctrica situada na parroquia de Quireza.

A maiores disto se proxectarán accesos e viais cara estes parques, así como camiños interiores entre eles. Polo que calcúlase que o espazo poligonal que ocupara este parque será de 8 km de lonxitude por 3 quilómetros de ancho.

Neste momento atópase o proxecto en fase de alegacións e existe unha preocupación por parte da veciñanza derivada do descoñecemento e da falla de información tanto por parte do goberno municipal como por parte da Xunta de Galicia.

Dende o partido socialista apostamos polas enerxías renovables pero sempre que se produza un equilibrio entre a instalación das mesmas e o respecto a singularidade do noso territorio, ao medio ambiente e a calidade de vida da veciñanza.

Polo que amosamos a nosa preocupación polo que entendemos esta a ser un novo caso de fraccionamiento dun parque eólico, co fin de evitar determinadas esixencias medioambientais.



Por outra banda algúns deste aeroxeneradores atópanse moi preto de núcleos de poboación co problema que isto supón para a veciñanza; afectan a unha zona de Petróglifos situados no entorno; produce afeccións aos cursos de auga, en concreto, a pista de acceso afectaría seriamente a polo menos 10 regatos afluentes do Río Quireza, un dos principais tributarios do Lérez.

Sen esquecermos do impacto sobre o patrimonio cultural inmaterial e natural, en concreto sobre a tradición da Rapa das Bestas de Sabucedo, xa que neste monte de Quireza é onde viven estes animais e baixan o día da celebración.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que dende o Goberno da Xunta de Galicia non se actuou con transparencia e se informou á veciñanza afectada polo futuro parque eólico Campo das Rosas sobre as características deste proxecto e como vai afectar aos mesmos?
2. Vai o Goberno da Xunta de Galicia a instar a Augas de Galicia co fin de que emita un informe sobre a afectación deste proxecto a polo menos 10 regatos afluentes do río Quireza, un dos principais tributarios do río Lérez?
3. Vai o Goberno da Xunta de Galicia requirir a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural co fin de que emita un informe sobre a afectación deste parque ao noso patrimonio cultural, nomeadamente á festa tradicional da Rapa das Bestas de Sabucedo e aos petroglifos que se atopan no monte de Quireza?
4. Ten previsto o Goberno galego pactar cos concellos e comunidades rurais, un novo modelo eólico para Galicia, que supoña unha aposta para a democratización do sector, elaborando un novo plan sectorial eólico de Galicia, e modificando a lexislación actual?

Pazo do Parlamento, 12 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Martín Seco García  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Leticia Gallego Sanromán  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2021 10:19:46**

**Martín Seco García na data 12/04/2021 10:19:56**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/04/2021 10:20:07**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/04/2021 10:20:25**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

O propio Consello Xeral do Poder Xudicial ten emitido informe favorable á prestación do servizo 24 horas de garda nas cidades de Murcia, Granada, Las Palmas ou, no pasado mes de marzo, Córdoba (con 342.806 habitantes en 2018, tendo A Coruña, 378.467 e Vigo, 337.735).

De feito, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os de A Coruña e Vigo.

No ano 2019 os xuíces de instrución de ambas cidades elevaron ao TSXG a petición de modificación das gardas actuais semanais por gardas de 24 horas con quenda rotatorio diario.

A sala de Goberno do TSXG deu o seu visto bo e cursou a solicitude ao CXPX.

Onte o Consello Xeral do Poder Xudicial emitiu un informe no que avala esta solicitude e o Ministerio de Xustiza na mesma liña reconece que isto melloraría a calidade do servizo cara a cidadanía e que está disposto a asumir o coste das novas quendas.

Polo que a pelota queda en mans da Xunta de Galicia para que asuma a parte que lle corresponde do coste deste novo servizo.





Dende o Grupo Parlamentario Socialista sempre defendemos que unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva, e esta modificación vai contribuír a acadar unha maior eficiencia no funcionamento destes xulgados e nas respostas á cidadanía.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva?
2. Concorda o Goberno en que son precisos servizos de garda 24 horas na xurisdición penal para as cidades de A Coruña e Vigo, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas ?
3. Vai o Goberno da Xunta de Galicia por a disposición os recursos económicos necesarios para a posta en marcha deste sistema?
4. Vai dotar o Goberno a eses xulgados de instrución de A Coruña e de Vigo dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios?
5. De non contar cos recursos suficientes este ano, se compromete o Goberno da Xunta a ter prevista unha partida orzamentaria dedicada a este fin no orzamento do ano 2022?

Pazo do Parlamento, 12 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2021 10:27:58**

**Pablo Arangüena Fernández na data 12/04/2021 10:28:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a interrupción subministro eléctrico nos concellos de Ourense, Taboadela e San Cibrao das Viñas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 8 de abril produciuse un corte no subministro eléctrico nos concellos de San Cibrao das Viñas, Taboadela, así como en múltiples parroquias e barrios do concello de Ourense (Seixalbo, Rairo, Cabeza de Vaca, Rairo, Curuxeiras, Zaín...). Interrupción do abastecemento eléctrico que durou varias horas durante as que estivo paralizada a actividade administrativa e industrial das zonas afectadas, que abranguen a varios dos parques empresarias máis importantes de Ourense, ademais de numerosas vivendas e fogares particulares.

Inda que non esta determinada a causa do corte do subministro eléctrico que, a empresa subministradora, atribúe a unha avaría na subestación situada no polígono de San Cibrao, evidencia a precariedade do abastecemento eléctrico nunha das principais zonas industriais e económicas de Ourense e de Galiza. Boa parte do tecido empresarial e industrial de Ourense depende exclusivamente dun sistema de subministración enerxético sen que exista mecanismo alternativo provisorio en caso, como o que nos ocupa, de avaría. Asemade, unha paralización absoluta do subministro eléctrico provoca importantes prexuízos nos centros residencias e vivendas particulares pois impiden o





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

funcionamento dos aparellos eléctricos, algúns tan esenciais como os destinados á conservación de alimentos ou a facilitar a respiración das persoas con déficits pulmonares.

Xa que logo o acontecido evidencia a fragilidade do sistema de abastecemento enerxético de boa parte de Ourense -que inclúe aos principais polígonos industriais-, producindo importantes prexuízos económicos e sociais a particulares e empresas debendo a Xunta de Galiza colaborar e facilitar os medios para que o xusto resarcimento e compensación se produza o máis axiña posible.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Coñece a Xunta de Galiza as razóns pola que os concellos de Taboadela, San Cibrao das Viñas e localidades e bairros de Ourense viron interrompido o subministro eléctrico o día 8 de abril durante varias horas?

. Entende que existindo residencias e centros nos que a existencia de subministro eléctrico é esencial, mesmo vital, debería existir un sistema provisorio que garanta, en todo momento, o abastecemento enerxético, aínda en caso de avaría?

. Coñece a Xunta de Galiza o alcance dos danos e perdas sufridos como consecuencia da interrupción do subministro eléctrico?

. Que actuacións realizou ou ten previsto realizar a tal fin?

. Abriu ou vai abrir algún expediente informativo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Impulsou ou vai impulsar actuacións específicas ao abeiro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para canalizar reclamacións de clientes domésticos? E empresariais?

. Elaborou ou vai elaborar o goberno galego algunha estimación do impacto económico destes acontecementos?

. Elaborou ou vai elaborar o goberno galego algún estudo ou informe a través do INEGA?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/04/2021 12:28:56**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2021 12:29:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonso na data 12/04/2021 12:29:10**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto do artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Nunha nova avaliación, o 23 de marzo de 2021, sobre o cumprimento das obrigas establecidas pola Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, o Consello de Europa volve censurar a política lingüística da Xunta de Galicia e insta a informar das accións tomadas para cumprir o tratado antes do 1 de agosto de 2023.

O informe suxire eliminar as limitacións á docencia en galego en todos os niveis educativos, advertindo que o número de materias que se imparten en galego nos centros educativos onde se introduciu o inglés é tan baixo como o 33 % , que o noso idioma ten moi pouca presenza en educación infantil e que o material didáctico en galego tamén é insuficiente. Como consecuencia desta situación, alerta o informe, “a porcentaxe de menores de 15 anos que non saben falar galego é do 23,9 %”.

No referido á xustiza, o informe volve instar á modificación da Lei orgánica do poder xudicial para asegurar o uso do galego nos procesos xudiciais a solicitude dunha das partes.

O Consello de Europa volve darnos a razón sobre as graves consecuencias que ten a política do PP sobre o noso idioma en todos os ámbitos e moi significativamente no chamado Decreto do Plurilingüismo.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Como valora o Goberno galego a última avaliación do Consello de Europa da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas no que volve pór de manifesto os incumprimentos a respecto do galego?

2ª. Que accións inmediatas pensa adoptar a Xunta de Galicia para cumprir coas obrigas da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas nos ámbitos educativo, xudicial e da Administración?

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 12/04/2021 10:50:02**





**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/04/2021 10:50:16**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Na memoria dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o ano 2020 pódese ler que o programa 423B Prevención do abandono escolar trata de atender a necesidade existente de incrementar o número de titulados en formación postobrigatoria, sobre a necesidade recoñecida de que é necesario formar unha cidadanía máis e mellor formada.

Tamén se recoñece, axeitadamente a xuízo deste grupo parlamentario, que para abordar a diminución do abandono escolar, faise necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior.

As propostas articúlanse ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administracións locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contorno laboral, tendo previstas as seguintes actuacións estratéxicas:

1. Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
2. Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
3. Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para revertir o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidido no aumento da motivación e autoestima.
4. Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.
5. Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
6. Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.





7. Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
8. Desenvolver iniciativas de formación do profesorado relacionadas co ámbito STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics; Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e ao ensino de linguas estranxeiras, así como ao enfoque baseado na Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras (AICLE, en inglés Content and Language Integrated Learning, CLIL).
9. Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.
10. Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais
11. En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.09) son acadar que máis alumnado consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.

Pese ao marco teórico deste programa, o certo é que a súa dotación orzamentaria e a posterior diminución poñen de manifesto que o compromiso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional neste ámbito e cuestionable.

Coñecida a execución orzamentaria do ano 2020 do orzamento da Xunta de Galicia sabemos que con respecto a este programa dunha dotación inicial de 26.247.000 €, fíxose unha modificación orzamentaria global que o rebaixou a 15.679.000 € o que supón unha redución do 40,26 %. Ademais, e pese a presentar un nivel de execución do 99,5 %, debemos de ter en conta que a execución final é un 59,45 % do consignado inicialmente e que debemos supoñer que era o que se consideraba necesario.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o motivo polo que se reduciu un 40,26 % o orzamento inicial do programa 423B Prevención do abandono escolar no ano 2020?



2ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que coa cantidade executada foron atendidas as necesidades existentes?

3ª) Si a resposta á anterior pregunta é afirmativa, como se xustifica que para o ano 2021 este programa conte cun orzamento de 26.807.565€, cantidade que incrementa nun 70,97 % o executado no 2020?

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/04/2021 13:00:45**

**Noa Susana Díaz Varela na data 12/04/2021 13:00:58**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia e o Goberno local do Concello da Laracha veñen de anunciar actuacións entorno ao Centro de Día e Residencia de Maiores que existen no concello, con modificacións no estudio de detalle da parcela onde está situado e un proxecto de obra que presentou a Xunta de Galicia para dita reforma.

Esta obra está dirixida segundo a Xunta de Galicia a mellorar a calidade de vida das persoas maiores e, por tanto, tamén das súas familias. A modificación do estudio de detalle non suporá alteracións no destino urbanístico do solo, nin parcelacións do mesmo. Tampouco implica a redución de superficies destinadas a infraestruturas viarias, espazos libres ou dotacións.

Actualmente, a residencia de maiores da Laracha ten cubertas a totalidade das 18 prazas ofertadas para persoas maiores dependentes, que precisan dunha atención integral e cuxa estancia é continua e permanente. Trátase dun servizo de apoio ás familias durante o día, ofrece atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no contorno familiar habitual.

Este centro de día e residencia da Laracha forman parte da rede de centros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, polo tanto, están sendo xestionados pola Xunta de Galicia.

A obra ten un orzamento de máis de millón e medio de euros e o curioso é que cun investimento tan importante, non supoña a creación dun maior número de prazas nunha residencia que ten a totalidade das 18 prazas ocupadas.



Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan presentamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión para que o Goberno galego aproveite a obra no Centro de Día e Residencial da Laracha para aumentar o número de prazas na residencia de maiores:

1. Para que número de prazas se concibiu a residencia de maiores da Laracha?
2. Cal é o número total de prazas que se ofertan na actualidade?
3. Cantas das ofertadas están cubertas neste momento?
4. Dende a posta en funcionamento desta infraestrutura, en cantas ocasións a demanda foi superior ao número de prazas ofertadas?
5. Contémplase neste proxecto de actuacións, un incremento de número de prazas?
6. En caso afirmativo, cal vai ser ese incremento?
7. Que actuacións se van a levar a cabo?
8. Cal é o cronograma de actuacións?
9. Cales son os motivos que levan á Xunta de Galicia a impulsar esta reforma?
10. No período de tempo no que duren as obras, van seguir prestándose ás persoas usuarias todos os servizos do Centro de Día e do Fogar Residencial?
11. En caso de que sexa necesario facer un traslado das persoas usuarias no tempo que duren as obras, a que centros se lles remitiría?
12. Contemplan as obras algún cambio no servizo de cociña?

Pazo do Parlamento, 12 de abril do 2021

Asdo.: Martín Seco García  
Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 12/04/2021 14:00:05**

**Marina Ortega Otero na data 12/04/2021 14:00:14**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/04/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 14120  
Data envío: 12/04/2021 14:03:21.371

**Julio Torrado Quintela na data 12/04/2021 14:00:26**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGGeYqAe914  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Ferro Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera** deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Ponte Pedriña, situada sobre o río Ourille ao seu paso polo concello de Celanova, une as parroquias de San Miguel de Orga e San Pedro de Mourillós.

Pese as súas reducidas dimensións, a Ponte Pedriña está incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia, e formaba parte da antiga Vereas Vella que unía Celanova con Allariz.

Probablemente a súa construción se remonte ao século XVII, xa que no ano 1761 aparece documentada unha reparación da cimentación por motivo dunha avalancha do río.

Na actualidade, a ponte sofre un importante deterioro, que pode comprometer a estabilidade do ben. Baixo este marco, no ano 2018, a Xunta de Galicia acordou co concello de Celanova revertir esta situación e actuar sobre as principais patoloxías presentes nesta edificación.

No mes de marzo de 2020 vimos de coñecer a publicación da licitación das obras de rehabilitación que acometerá a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cales son os traballos previstos pola Xunta de Galicia en relación á restauración da Ponte Pedriña no concello de Celanova?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021.



**Asinado dixitalmente por:**

**José Luis Ferro Iglesias na data 13/04/2021 09:20:37**

**Teresa Egerique Mosquera na data 13/04/2021 09:20:59**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 13/04/2021 09:21:07**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/04/2021 09:21:22**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 13/04/2021 09:21:52**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 13/04/2021 09:22:08**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/04/2021 09:22:23**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





## A Mesa do Parlamento

**Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade Política Social e Emprego**.

A tecnoloxía tense incorporado a nosa vida dun xeito definitivo, e por suposto tamén forma parte de todos moitos procesos dentro do ámbito sanitario, especialmente no referido á diagnose e as intervencións cirúrxicas.

Temos visto recentemente como no Hospital Clínico de Santiago se iniciaba o tratamento co HIFU, unha tecnoloxía avanzada para o tratamento do Párkinson e dos tremores primarios, no que Galicia é pioneira, xa que temos o primeiro hospital público de toda España en contar con esta tecnoloxía.

Puidemos comprobar, a través dos medios de comunicación, o avance que supón para a sanidade e en concreto para os profesionais e fundamentalmente, para a calidade de vida dos pacientes.

Sabemos, ademais, da necesidade de contar con novos equipamentos de diagnose a través de imaxe para mellorar a capacidade diagnóstica do Sergas, unido a unha

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



mellora tecnolóxica tamén no ámbito cirúrxico, a través de novos equipos de laparoscopias, novos arcos cirúrxicos ou equipos de imaxe intraoperatoria, de cara a unha mellora da calidade de vida do paciente e unha maior precisión nas intervencións.

Así o pasado mes de novembro aprobábase na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia para mellorar a dotación de tecnoloxía na sanidade pública galega, tanto destinada á diagnose como aos quirófanos, en concreto para poder ampliar o uso de técnicas pouco invasivas.

Por iso, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que avances se teñen producido respecto á dotación no Sistema Galego de Saúde de novas tecnoloxías destinadas á diagnose e a mellora tecnolóxica dos bloques cirúrxicos?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/04/2021 10:01:22**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/04/2021 10:01:48**

**José Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2021 10:01:59**

**Noelia Pérez López na data 13/04/2021 10:02:23**

**María Corina Porro Martínez na data 13/04/2021 10:02:39**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 13/04/2021 10:02:51**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/04/2021 10:03:25**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesaria ampliación do CPI “As Mirandas” do Concello de Ares.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación das infraestruturas do CPI As Mirandas no Concello de Ares non pode producir máis que pasmo a calquera visitante que non sexa previamente advertido do que alí vai atopar.

Entre o mal estado xeral das infraestruturas destaca a falta de espazos axeitados, e sobre todo a presenza duns barracóns onde se imparten as aulas de infantil, que tiñan que ser provisionais mais que van levar xa 10 anos en uso.

As necesidades deste centro veñen sendo obxecto de denuncia pública desde o ano 2008, así como de diferentes amagos e promesas por parte de diferentes administracións desde hai tamén moitos anos, sen que nunca chegaran a concretarse por diferentes motivos.

Un dos problemas que a Xunta poñía para non executar as obras era o do encaixe dentro do planeamento urbanístico e, dado que neste momento xa hai un novo PXOM que o permitiría, entendemos que non hai escusa para impulsar con urxencia o inicio das obras.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da consolidación do uso dos barracóns que debían ser temporais no CPI As Mirandas do Concello de Ares?

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da modificación do PXOM do Concello de Ares nos termos necesarios para realizar a ampliación do CPI As Mirandas?

. Que estimacións manexa a Xunta de Galiza respecto do inicio e remate das obras de ampliación do centro?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 13/04/2021 10:14:37**

**Mercedes Queixas Zas na data 13/04/2021 10:14:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/04/2021 10:14:53**



## A Mesa do Parlamento

**Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade Política Social e Emprego**.

A Consellería de Sanidade iniciou no mes de febreiro unha campaña de reforzo de cara a mellorar o cumprimento das medidas sanitarias fronte ao coronavirus en Galicia.

A campaña lévana a cabo mais de 200 profesionais inspectores da Dirección Xeral de Saúde Pública facendo especial fincapé no control de aforos, distancias, uso de máscaras, etc. Para isto o persoal de inspección leva a cabo visitas para verificar a implantación das medidas nos establecementos e espazos que contan cunha elevada afluencia de persoas, como son os centros comerciais, prazas de abastos, hipermercados, supermercados, etc..

Coa apertura da hostalería e dos ximnacios a finais de febreiro anunciouse que a campaña se centraría nestes establecementos, pechados ata ese momento, co fin de asesorar a estes sectores no cumprimento das medidas e, polo tanto, na detención da propagación do virus. Ademais os inspectores supervisarían o cumprimento do Plan de hostalería segura, posto en marcha pola Xunta de Galicia e que implica tamén ás administracións locais.

Ademais anunciouse que esta campaña de reforzo estará activa ata o mes de abril aínda que en función da evolución da pandemia, se revisaría a pertinencia de aumentar a duración da mesma.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da campaña de reforzo para o cumprimento das medidas sanitarias nos establecementos galegos?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/04/2021 10:08:11**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/04/2021 10:08:31**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**José Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2021 10:08:40**

**Noelia Pérez López na data 13/04/2021 10:08:51**

**María Corina Porro Martínez na data 13/04/2021 10:09:10**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 13/04/2021 10:09:23**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/04/2021 10:09:38**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## A Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Un dos piares principais da economía galega é o constituído polos traballadores e traballadoras por conta propia, que representa máis de 207.000 postos de traballo, segundo recolle o Instituto Galego de Estatística e, xunto coas microempresas, supoñen o 97% do tecido produtivo de Galicia. Trátase pois dun colectivo que, desde as administracións públicas, precisa dunha especial atención para o seu impulso e fortalecemento, tendo en conta o contexto derivado da covid-19.

En resposta a esta situación, o executivo autonómico puxo en marcha unha batería de medidas, como os sucesivos plans de rescate, co obxectivo de amortecer os efectos da pandemia entre os autónomos e autónomas de Galicia. En concreto, o primeiro plan de rescate permitiu aboar máis de 33.600 axudas, por un importe de 69 millóns de euros. No caso do segundo plan, aínda en marcha, conta cunha dotación orzamentaria de 75 millóns de euros. É dicir, a Xunta de Galicia está a inxectar 160 millóns de euros ao apoio directo do tecido empresarial galego, incidindo na protección a autónomos e microempresas. Ademais, a día de hoxe, a Xunta está a traballar xa no terceiro plan de rescate, que se porá en marcha en canto o goberno galego reciba os fondos do Estado.

Neste sentido, complementar os plans de rescate e as axudas directas con outras medidas de reforzo, que permitan seguir ampliando o valor engadido do mercado laboral galego, resultan fundamentais para a nosa economía.

Por ese motivo, compre destacar iniciativas como o Programa de Mentoring, promovido pola Xunta de Galicia en cooperación coa Fundación Ronsel, que persegue a redución dos riscos das persoas traballadoras autónomas na súa actividade profesional, proporcionando ferramentas que permitan a transformación e adaptación dos seus negocios ás necesidades do mercado e ao marco de pandemia no que nos atopamos.

Trátase dun proxecto que se demostrou eficaz na súa anterior edición e que permitiu incorporar, por primeira vez, a titorización entre as políticas de apoio ás persoas traballadoras autónomas. O Programa de Mentoring exemplifica o esencial do acompañamento aos nosos autónomos na consolidación e pulo dos seus negocios e proxectos, representando o compromiso do goberno galego co traballo autónomo.



Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance da primeira edición do Programa de Mentoring?
- 2.- Cal é a previsión do Programa de Mentoring Traballo Autónomo 2021?

Santiago de Compostela, 13 abril de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 13/04/2021 10:12:52**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/04/2021 10:13:07**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/04/2021 10:13:26**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/04/2021 10:13:41**

**José Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2021 10:13:51**

**Noelia Pérez López na data 13/04/2021 10:14:03**

**María Corina Porro Martínez na data 13/04/2021 10:14:20**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 13/04/2021 10:14:34**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galiza para axudar ás empresas prexudicadas polo incendio do polígono do Ceao, en Lugo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de abril de 2021 tivo lugar un devastador incendio no polígono industrial do Ceao, no Concello de Lugo. As lapas calcinaron dúas naves e atinxiron a tres máis o que deixa ás empresas propietarias enormemente golpeadas e nunha complexa situación para continuar funcionando.

Aínda que é cedo para determinar a contía total das perdas, as empresas afectadas polo incendio e as súas aseguradoras, avanza que serán millonarias. Ademais, alén do impacto económico, aquelas que viron calcinarse as súas naves terán dificultades engadidas para poder retomar a actividade.

Así as cousas, a solidariedade do pobo galego viuse de inmediato non só con mostras de agarimo da veciñanza senón con ofrecementos doutros empresarios lucenses así como da propia asociación de empresas do polígono para poñer a disposición das afectadas e afectados predios e instalacións.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pola súa banda, a Xunta de Galiza anunciou o día despois do incendio que de maneira inmediata poría en marcha “circulante, capital, tesourería e préstamos” así como asesoramento en materia de seguros.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

- . Que medidas concretas desenvolverá a Xunta de Galiza para axudar as empresas afectadas polo incendio no polígono do Ceao?
- . Cando poderán ser solicitadas e de que maneira?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 13/04/2021 12:08:27**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 13/04/2021 12:08:40**

**María do Carme González Iglesias na data 13/04/2021 12:08:54**

**Daniel Pérez López na data 13/04/2021 12:09:01**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) é un dos cinco fondos estruturais e de investimentos europeos para o período 2014-2020 que contribúe á consecución dos obxectivos de Política Pesqueira Común (PPC), á Política Marítima Integrada (PMI) e á Estratexia Europea 2020.

Segundo o Acordo de Conferencia Sectorial de Pesca de 2014 dos 1.089 millóns de euros de fondos comunitarios do FEMP asignados a España 371,02 millóns correspondíanlle a Galicia, o que supón o 44,72 % do repartido entre as comunidades autónomas (829,55 millóns).

Os informes de fiscalización do Consello Galego de Contas dos anos 2016 (primeiro ano con partidas FEMP) 2017 e 2018 indican a baixa execución da Xunta de Galicia: os créditos iniciais previstos pola Xunta de Galicia ascenderon neses tres anos a 179,58 millóns de euros mentres que os créditos finais só acadaron os 80,7 millóns de euros, unha baixa do 55 %.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal foi o grado de execución do FEMP do exercicio 2016?
- 2ª) Cal foi o grado de execución do FEMP do exercicio 2017?
- 3ª) Cal foi o grado de execución do FEMP do exercicio 2018?
- 4ª) Cal foi o grado de execución do FEMP do exercicio 2019?
- 5ª) Cal foi o grado de execución do FEMP do exercicio 2020?
- 6ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución dos fondos FEMP 2014-2020 asignados a Galicia?





7ª) Considera a Xunta de Galicia que con eses niveis de execución do FEMP se corre o risco de deixar unha cantidade importante de diñeiro sen executar antes de que entre o vigor o novo FEMPA?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/04/2021 12:34:49**

**Julio Torrado Quintela na data 13/04/2021 12:35:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o funcionamento do servizo de doazón de sangue en Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o pasado mes de novembro de 2020 o servizo de doazón de sangue de Lugo, concretamente no HULA, vén mantendo un funcionamento intermitente por mor da falta de persoal facultativo.

Así, das tres prazas das que dispón apenas teñen na actualidade cubertas dúas e fano a través de contratos temporais que non acostuman a manterse moito no tempo. Asemade segundo puido saber este grupo parlamentario, o Goberno galego vén de iniciar o procedemento para a contratación, esta si de longa duración mais con carácter interino, dunha das prazas, un proceso que pode alongarse varios meses no tempo por razóns administrativas.

Esta situación, absolutamente precaria, fai que en non poucas ocasións o servizo non funcione impedindo que quen así o desexa poida doar sangue.

Para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego esta situación alén de insostíbel no tempo por razóns obviar, está a impedir o correcto funcionamento dun





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

servizo fundamental para o sistema sanitario galego toda vez que a doazón de sangue é a fórmula para salvar vidas nos casos en que se require dunha transfusión.

En numerosas ocasións a propia ADOS e a Xunta de Galiza fan chamamentos a que se doe sangue por falta de reservas en determinados grupos sanguíneos ou con carácter xeral habida conta do acto de solidariedade necesaria que representa para o conxunto da poboación.

Un servizo tan vital coma este non pode sosterse na temporalidade e precariedade de recursos e o seu funcionamento debe estar garantido sempre pois a necesidade de sangue non entende de días da semana ou de condicións administrativas, precísase sempre.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. En que situación están cubertas as prazas do servizo de doazón de sangue do HULA?

. É coñecedora a Xunta de Galiza da falta de funcionamento que ten padecido este servizo en Lugo nos últimos meses?

. Cre o Goberno galego que é admisible esta precariedade e a falta de continuidade no mesmo que carrexou en ocasións até o se peche?

. É unha situación exclusiva de Lugo ou acontece en máis lugares do país?

. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir o correcto funcionamento do servizo de doazón de sangue do HULA?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/04/2021 13:52:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2021 13:52:14**

**Iria Carreira Pazos na data 13/04/2021 13:52:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación das residencias de maiores en Galiza, as irregularidades que se teñen detectado e producido nelas nos últimos anos e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, especialmente desde a publicación en 2018 do informe de fiscalización elaborado polo Consello de Contas arredor das residencias de maiores en Galiza, tense iniciado no noso país un importante debate sobre o modelo que impera nestes centros.

Este debate e, sobre todo, as denuncias públicas por parte de familiares de persoas usuarias e traballadoras das residencias agudizouse após declararse a emerxencia sanitaria por mor da Covid-19.

A pandemia puxo en evidencia os problemas estruturais e carencias do modelo actual, caracterizado pola enorme privatización e mercantilización da vellez, e que fixo aínda máis palpábeis e visíbeis para o conxunto da sociedade a crise sanitaria. Cómpre lembrar que durante os primeiros meses da pandemia un dos principais focos de contaxio foron, precisamente, as residenciais de maiores que concentraron, ademais, case a metade dos falecementos.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Porén, o modelo residencial de atención ás persoas maiores e dependentes en Galiza non é cuestionado unicamente pola xestión da Covid-19 que nestes centros se fixo –na súa inmensa maioría privados-- senón que viña de antes. Ese cuestionamento responde, como teñen trasladado as traballadoras e traballadores mais tamén asociacións e entidades representativas de familiares e usuarias a:

1. Déficits de persoal reiterados que incumpren as obrigas legais en canto a rateos de atención directa.
2. Trato denigrante ás persoas usuarias que vulneran os seus dereitos fundamentais como o uso de contencións mecánicas incumprindo os protocolos.
3. Irregularidades reiteradas que, como sinalou no seu informe de fiscalización o Consello de Contas, non supoñen a abertura dos correspondentes expedientes sancionadores.

Cuestións que este Grupo Parlamentar puido comprobar de maneira directa na documentación consultada ao abeiro do artigo 9 do Regulamento da Cámara. Consulta que levamos a cabo non sen dificultades e apenas dunha pequena parte do conxunto de centros residenciais que existen en Galiza. Cómpre lembrar os atrancos constantes para acceder a documentación e información de interese e relevancia a respecto das residencias de maiores en Galiza debido á falta de transparencia e á actitude de obstrución que a Xunta mantén ao labor de control parlamentario.

Urxe un cambio de modelo nos coidados e, especialmente, un xiro de 180º nas residencias de maiores que debe partir dunha análise pormenorizada, transparente e pública da situación actual mais non entendida, apenas, como unha fotografía da pandemia e das súas consecuencias senón de conxunto.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pola contra, a Xunta de Galiza optou por crear un órgano ad-hoc encargado de deseñar o novo modelo de residencias de maiores que nin sequera encadra ou emana dos organismos previstos na lexislación vixente para tal fin. Un Comité asesor sociosanitario do que se descoñecen as persoas, entidades e perfís profesionais concretos que o compoñen e do que fican excluídas as organizacións sindicais e as entidades representativas de familiares e usuarias.

Entidades de familiares e persoas usuarias de residencias así como as organizacións sindicais denunciaron a súa exclusión deste espazo e, polo tanto, do debate sobre o novo modelo de residencias do que, semella, o Goberno galego tampouco quere facer partícipe ao Parlamento.

As residencias de maiores foron un dos principais focos de contaxio da Covid-19 durante o primeiro ano de pandemia. Nelas faleceron case o 40% das persoas finadas por coronavirus. O inicio da campaña de vacinación foi o principio do fin dun dos episodios máis duros e dramáticos da historia recente do noso país. Familias, usuarias de residencias e sobre todo o conxunto da sociedade galega merecen que a máxima responsábel en materia de dereitos sociais, a Xunta, poña todo de si para evitar que poida repetirse e, sobre todo, deite luz sobre o acontecido.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Cre a Xunta de Galiza, transcorrido máis dun ano de pandemia, que actuou ben na xestión da crise sanitaria nas residencias de maiores?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Cre o Goberno galego que actuou con transparencia e facilitou ás familias e persoas usuarias das residencias, especialmente ás das persoas falecidas, toda a información?

. Por que un ano despois nin sequera se facilitaron os datos de falecidas e falecidos por centros residenciais?

. Cre que o labor de inspección que a Xunta desenvolve nos centros residenciais funciona correctamente?

. Considera que 17 persoas en todo Galiza para inspeccionar todos os centros dependentes de Política Social son suficientes para fiscalizar a todas as empresas e entidades que operan no noso país?

. Cre que o rexime sancionador actual cumpre debidamente as súas funcións especialmente a disuasión dos incumprimentos?

. Merécelle algún tipo de reflexión á Xunta de Galiza as recorrentes vulneracións en canto ás rateos de persoal ou ao uso irregular de mecanismos de contención que detectou o Consello de Contas e recoñeceu a propia Consellaría de Política Social?

. Vai mudar algo na actitude da Xunta de Galiza ao respecto?

. Por que excluíu a organizacións sindicais e entidades representativas de familiares e usuarias do Comité asesor sociosanitario que diseña, supostamente, o novo modelo de residencias?

. Por que creou ese órgano ad-hoc e non desenvolveu ese traballo no seo do Consello galego do Benestar tal e como prevé a lexislación vixente?







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/04/2021 16:11:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2021 16:12:00**

**Iria Carreira Pazos na data 13/04/2021 16:12:08**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre destrución do patrimonio arqueolóxico galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Día a día sucédense as novas da irreparábel perda e destrución do patrimonio material arqueolóxico espallado por toda Galiza.

O noso patrimonio arqueolóxico está a esmorecer. Mámoas, petróglifos, castros, antas, túmulos, necrópoles megalíticas, etc. están a ser sacrificados desatendendo o seu alto valor cultural e identitario colectivo.

Para alén de puntuais actos vandálicos, comprobamos a denuncia social cada vez maioritaria de severas perdas de auténticas zonas dunha grande importancia patrimonial derivadas de actuacións forestais por mor da intervención de maquinaria, talas a mans persoais e empresariais, cando non da realización de cortalumes dentro dos traballos forestais encargados pola Consellería de Pesca e do Medio rural.

Fronte a estas cada vez máis reiteradas destrucións patrimoniais, cuxa denuncia sempre é impulsada pola implicación social, a voz dos responsábeis do goberno en materia de cultura e protección patrimonial permanece silente, o que entendemos no BNG como unha falta de responsabilidade política, desidia administrativa e implicación





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cívica co coidado patrimonial, así como coa necesaria educación en concienciación social.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Como valora o goberno galego a continuada e persistente destrución do patrimonio arqueolóxico galego?

. Cantas agresións contra o patrimonio arqueolóxico ten rexistrado o goberno galego nos últimos 5 anos? E nos últimos 10 anos?

. Que medidas ten posto en práctica a Xunta para impedir que estas actuacións se reiteren continuamente?

- Que sancións ten aplicado a Xunta aos responsábeis das agresións e destrucións producidas sobre o patrimonio arqueolóxico?

. Cantos expedientes se abriron e cantas sancións se impuxeron, por provincias?

. Pensa o goberno adoptar algunha medida inmediata, á vista da realidade contrastada, dirixida á industria da madeira e/ou propietarios forestais e/ou cos concellos para que no futuro remate esta agresión patrimonial?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 13/04/2021 16:26:04**

**Daniel Castro García na data 13/04/2021 16:26:12**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/04/2021 16:26:22**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Durante os once anos de Goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia a mellora da situación do mercado laboral nunca foi unha prioridade, caracterizándose polo incremento da precariedade, da inestabilidade, da perda de dereitos e dun alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica de 2008 e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación.

De 2009 a 2020 a poboación galega reduciuse en máis de 94.270 persoas, período no que perdemos 242.496 persoas de entre 20 e 39 anos, é dicir, o noso potencial máis novo e, con esta preocupante perda de poboación temos que o número de ocupados (EPA para o IV trimestre 2009/2020) diminuíu en -61.300, o número de fogares con todos os seus membros no paro incrementouse en +1.200 e o número de fogares sen ingresos ten aumentado en +13.900.

En resume, somos menos, máis envellecidos e dos que quedan traballan menos.

O 11 de marzo a Organización Mundial da Saúde declarou a pandemia mundial provocada polo Covid-19, orixinada en China, o que supuxo que a metade dos habitantes do mundo permanecemos en situación de confinamento, paralizano a maior parte do mundo e provocando unha crise mundial que é unha das maiores ameazas coñecidas para a saúde das persoas, con gravísimas consecuencias para a economía e para o emprego, poñendo en risco os medios de vida e o benestar de millóns de persoas.

As medidas de confinamento, as restricións á mobilidade e a paralización da actividade produtiva aplicadas na gran maioría dos países reflíctense na caída do PIB e a perda de empregos, as maiores caídas desde o inicio do século XX; así a caída do PIB en Galicia en 2020 foi dun 8,2 %, afectando a sectores con moito peso dentro da nosa economía.

Xa que logo, o principal reto dos gobernos hoxe segue a ser protexer a saúde e a vida das persoas e facer fronte ás consecuencias económicas e sociais desta crise



sen precedentes. O Goberno de España puxo en funcionamento un potente plan de choque de medidas económicas e laborais, estimado nun 20 % do PIB para protexer ás empresas, as persoas autónomas e aos traballadores, medidas que procuran protexer a saúde, ao sistema produtivo e ao traballo, facilitando a liquidez para autónomos e empresas e as rendas para os traballadores, así como medidas de protección social para as persoas máis vulnerables, procurando unha saída o menos desigual posible, para que ninguén quede atrás, tal e como aconteceu durante a crise de 2008.

O principal obxectivo do Goberno de España é protexer o emprego e que o descenso da economía se traslade ao axuste das capacidades de produción a través dos Expedientes de Regulación Temporal do Emprego (ERTE), ben sexan de suspensión dos contratos ou de redución de xornada, evitando deste xeito a destrución masiva de empregos con despidos colectivos mediante Expedientes de Regulación de Emprego (ERE) ou recorrendo a despidos individuais. Por iso, o Goberno decretou que os ERTE como consecuencia do estado de alarma sexan considerados de forza maior, prohibindo ao mesmo tempo os despidos como consecuencia da Covid-19.

Tamén os autónomos teñen, por primeira vez ante unha crise, cobertura do Goberno de España ante a paralización da actividade ou pola diminución dos seus ingresos, cunha prestación extraordinaria por cese de actividade.

Outras medidas importantes impulsadas polo Goberno de España son a implantación do teletraballo, o permiso retribuído recuperable, a mellora da protección dos fixos discontinuos e dos traballadores con contrato temporal, as medidas para as empregadas do fogar, e a posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital, que protexa ás persoas máis vulnerables.

A saída desta crise para Galicia vai precisar dun maior impulso por parte da Xunta de Galicia e os socialistas analizamos máis que preocupados a execución orzamentaria ano tras ano das partidas consignadas nos seus propios orzamentos para a mellora da empregabilidade, a formación profesional para desempregados ou da promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo, que para o exercicio 2020 tivo un incremento de 67 millóns de euros grazas ás transferencias do Estado, pero deixaron sen executar 18 millóns de euros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Cal é a opinión do Goberno galego ante a baixa execución ano tras ano destas partidas para o emprego?

2ª) Vai o Goberno galego elaborar un plan de emprego para Galicia que conte con todos os actores implicados: sindicatos, concellos, deputacións e asociacións empresariais para a consecución da inserción laboral, fundamentalmente, dos colectivos con maiores problemas de inserción, a adaptación da formación para persoas desempregadas segundo as necesidades do noso tecido produtivo a formación sobre o emprego autónomo e que conte con medidas de apoio as persoas asalariadas que están nos ERTE ou acollidas a algunha das axudas do Estado para as persoas autónomas?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/04/2021 19:45:20**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 13/04/2021 19:45:33**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/04/2021 19:45:45**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Durante os once anos de Goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia a mellora da situación do mercado laboral nunca foi unha prioridade, caracterizándose polo incremento da precariedade, da inestabilidade, da perda de dereitos e dun alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica de 2008 e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación.

De 2009 a 2020 a poboación galega reduciuse en máis de 94.270 persoas, período no que perdemos 242.496 persoas de entre 20 e 39 anos, é dicir, o noso potencial máis novo e, con esta preocupante perda de poboación temos que o número de ocupados (EPA para o IV trimestre 2009/2020) diminuíu en -61.300, o número de fogares con todos os seus membros no paro incrementouse en +1.200 e o número de fogares sen ingresos ten aumentado en +13.900.

En resume, somos menos, máis envellecidos e dos que quedan traballan menos.

O 11 de marzo a Organización Mundial da Saúde declarou a pandemia mundial provocada polo Covid-19, orixinada en China, o que supuxo que a metade dos habitantes do mundo permanecemos en situación de confinamento, paralizano a maior parte do mundo e provocando unha crise mundial que é unha das maiores ameazas coñecidas para a saúde das persoas, con gravísimas consecuencias para a economía e para o emprego, poñendo en risco os medios de vida e o benestar de millóns de persoas.

As medidas de confinamento, as restricións á mobilidade e a paralización da actividade produtiva aplicadas na gran maioría dos países reflíctense na caída do PIB e a perda de empregos, as maiores caídas desde o inicio do século XX; así a caída do PIB en Galicia en 2020 foi dun 8,2 %, afectando a sectores con moito peso dentro da nosa economía.

Xa que logo, o principal reto dos gobernos hoxe segue a ser protexer a saúde e a vida das persoas e facer fronte ás consecuencias económicas e sociais desta crise





sen precedentes. O Goberno de España puxo en funcionamento un potente plan de choque de medidas económicas e laborais, estimado nun 20 % do PIB para protexer ás empresas, as persoas autónomas e aos traballadores, medidas que procuran protexer a saúde, ao sistema produtivo e ao traballo, facilitando a liquidez para autónomos e empresas e as rendas para os traballadores, así como medidas de protección social para as persoas máis vulnerables, procurando unha saída o menos desigual posible, para que ninguén quede atrás, tal e como aconteceu durante a crise de 2008.

O principal obxectivo do Goberno de España é protexer o emprego e que o descenso da economía se traslade ao axuste das capacidades de produción a través dos Expedientes de Regulación Temporal do Emprego (ERTE), ben sexan de suspensión dos contratos ou de redución de xornada, evitando deste xeito a destrución masiva de empregos con despidos colectivos mediante Expedientes de Regulación de Emprego (ERE) ou recorrendo a despidos individuais. Por iso, o Goberno decretou que os ERTE como consecuencia do estado de alarma sexan considerados de forza maior, prohibindo ao mesmo tempo os despidos como consecuencia da Covid-19.

Tamén os autónomos teñen, por primeira vez ante unha crise, cobertura do Goberno de España ante a paralización da actividade ou pola diminución dos seus ingresos, cunha prestación extraordinaria por cese de actividade.

Outras medidas importantes impulsadas polo Goberno de España son a implantación do teletraballo, o permiso retribuído recuperable, a mellora da protección dos fixos discontinuos e dos traballadores con contrato temporal, as medidas para as empregadas do fogar, e a posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital, que protexa ás persoas máis vulnerables.

A saída desta crise para Galicia vai precisar dun maior impulso por parte da Xunta de Galicia e os socialistas analizamos máis que preocupados a execución orzamentaria ano tras ano das partidas consignadas nos seus propios orzamentos para a mellora da empregabilidade, a formación profesional para desempregados ou da promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo, que para o exercicio 2020 tivo un incremento de 67 millóns de euros grazas ás transferencias do Estado, pero deixaron sen executar 18 millóns de euros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a opinión do Goberno galego ante a baixa execución ano tras ano destas partidas para o emprego?



2ª) Vai o Goberno galego elaborar un plan de emprego para Galicia que conte con todos os actores implicados: sindicatos, concellos, deputacións e asociacións empresariais para a consecución da inserción laboral, fundamentalmente, dos colectivos con maiores problemas de inserción, a adaptación da formación para persoas desempregadas segundo as necesidades do noso tecido produtivo a formación sobre o emprego autónomo e que conte con medidas de apoio as persoas asalariadas que están nos ERTE ou acollidas a algunha das axudas do Estado para as persoas autónomas?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/04/2021 19:49:35**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 13/04/2021 19:50:26**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/04/2021 19:50:41**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A capacidade exportadora dun territorio é un factor fundamental para avaliar a súa competitividade e a súa capacidade para ter un crecemento económico sostido no tempo. O que quere dicir que é un factor básico para xerar emprego de calidade e asegurar a sustentabilidade do sistema de protección social.

Dentro do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 atópase a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que establece cinco eixos de actuación e dous obxectivos: que en 2020 a participación das exportacións no PIB acade o 40 % e incrementar en máis dun 25 % o número de empresas exportadoras, ata chegar ás 8.000 empresas, obxectivos que non parece que se teñan acadado segundo os últimos datos publicados.

Os últimos estudos publicados polo Consello Económico e Social de Galicia, O Foro Económico de Galicia e os informes de comercio exterior do Instituto Galego de Estatística advírtenos de que as exportacións en Galicia seguen caracterizándose por unha baixa diversificación, concentrándose a maior parte en dúas empresas e cunha forte concentración cara ao mercado europeo, porén a execución orzamentaria da partida 741A. Apoio á modernización, internacionalización, e mellora da competitividade, innovación e produción segue a ser unha das partidas con peor execución orzamentaria ano tras ano, acadando no exercicio 2020 tan só un 70,5 % sobre o crédito inicial consignado, o que supón que dos 130 millóns de euros consignados deixáronse sen executar 38.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a baixa execución ano tras ano da partida orzamentaria destinada á internacionalización das empresas galegas?

2ª) Considera o Goberno galego que os recursos do Igape son suficientes para axudar na internacionalización das empresas galegas?

3ª) Cal é a estratexia para a internacionalización das empresas galegas que se está desenvolvendo na nosa comunidade?



4ª) Ten avaliado nos últimos anos o Igape os resultados obtidos polos seus programas de internacionalización?

5ª) De ser así, cal ten sido o resultado desa avaliación?

6ª) Ten feito o Igape unha avaliación dos resultados en termos de incorporación de novas empresas aos mercados internacionais?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/04/2021 11:40:39**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/04/2021 11:40:51**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia está a sufrir unha sangría demográfica, perdendo nos últimos once anos máis de 94.000 habitantes, dos que 257.139 son menores de 40 anos, co peor saldo vexetativo de todas as CC.AA, que para 2019 acada a cifra negativa de 15.550, o 27 % do total nacional, e duplicándose esta cifra con signo negativo dende 2010.

Esta situación agrávase aínda máis nos concellos rurais, feito que ten varias causas, pero que podemos apuntar como as de maior peso o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e a perda progresiva de servizos no mundo rural que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no discurso de investidura correspondente a X Lexislatura manifestou que ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para asentarse no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

Esa afirmación do presidente da Xunta non se corresponde coa baixa execución orzamentaria durante esa mesma X Lexislatura en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Así, se miramos a execución do Programa 55. Actuacións e valorización do medio rural temos que a Xunta de Galicia deixa sen executar máis de 178 millóns de euros no período 2016-2020 nas partidas 712A-Fixación de poboación no medio rural e 712 B-Modernización e diversificación do tecido produtivo.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o despoboamento galego?



2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre esta deficiente execución dos recursos destinados inicialmente nos correspondentes orzamentos nestas dúas partidas?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/04/2021 19:35:46**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/04/2021 19:35:59**

**Martín Seco García na data 13/04/2021 19:36:11**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 13/04/2021 19:36:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Carme González Iglesias e Ramón Fernández Alfonzo**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para recomenzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Ourense ten nos aproveitamentos termais un dos seus potenciais vectores de crecemento e desenvolvemento económico. Así mesmo, a cidade de Ourense foi no pasado unha referencia na existencia de espazos de desfrute termal de acceso e xestión pública, democratizando o seu use e desfrute por parte da veciñanza ourensá con independencia do seu nivel de renda. Non en balde, o Parlamento galego aprobou no ano 2008, a impulso do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Ourense como capital termal.

Porén, nos últimos anos, lonxe das esperanzas postas naquel consenso e no consenso ourensán arredor daquel primeiro Plan Estratéxico Termal de Ourense impulsado no Concello, a evolución do termalismo en Ourense estivo limitada pola falta de apoio da Xunta de Galiza e a desidia e bloqueo político dos dous últimos gobernos municipais. Entre outros problemas, desde o Grupo Parlamentario do Bloque





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nacionalista Galego temos sinalado o enfoque reduccionista centrado exclusivamente no turismo e sen unha avaliación rigorosa (como demostra o Plan de Turismo Termal), a falta de aposta pola conexión da realidade termal co Campus da Auga e a investigación, a carencia dunha estratexia de saúde pública, a necesidade de recuperación patrimonial e cultural (BIC das Burgas, Tinteiro...), as distorsións da xestión estatal dos ríos ou a necesidade de cumprir transformacións pendentes (boulevard termal, reforma da zona do matadoiro, etc).

A desidia e a falta de colaboración política e institucional entre Xunta e concello é, nestes momentos, a responsábel de que as termas de Ourense, singularmente As Burgas mais tamén a parte pública de Outariz e máis as termas do Muíño, estean sen abrir ao público furtando un dereito á veciñanza e unha oportunidade de dinamización económica nun momento complicado para unha zona tan castigada.

É evidente que a irrupción da pandemia da covid-19 supuxo unha dificultade sen precedentes en moitos aspectos e o termalismo é un deles. A precaución e a complexidade explican unha parte do atraso, mais toda vez que levamos un ano de experiencia na pandemia e que se desenvolveron aperturas de iniciativas privadas con normalidade, esta situación é xa intolerable e as administracións responsábeis deben traballar para unha apertura urxente, organizada e segura tal e como leva demandando o Grupo Municipal do BNG de Ourense desde o mes de xuño de 2020.

Desde hai un ano son recorrentes as desculpas e cruces de acusacións, primeiro co goberno bipartito PP-Democracia Ourensana, despois co goberno en solitario de DO e agora novamente cunha especie de goberno bipartito. Nas últimas semanas volvíamos asistir a un cruzamento de responsabilidades que está a resultar estéril e infructuoso.







BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No marco destes acontecementos hai outro feito que explica, a xuízo deste Grupo Parlamentario, a demora nunha posíbel apertura e que merece a máxima atención por parte da administración galega. Este feito é a problemática, quizais imposible, adaptación das instalacións ourensás e da súa especificidade á regulación aprobada na Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

Cómpre recordar que, durante a súa tramitación, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego opuxémonos ao proxecto por entender que non estaba á altura das circunstancias, pois nin resolvía os problemas existentes nin sentaba as bases para asumir con éxito novos retos de futuro e explotar o potencial termal do noso país atendendo a criterios de equilibrio territorial, xustiza social e desenvolvemento socio económico. Por eses motivos presentamos inicialmente unha emenda á totalidade, de devolución, facendo un chamamento a que era mellor demorar máis tempo en facer as cousas ben que legislar desde a improvisación que nos trasladaba o goberno. Desafortunadamente o goberno galego seguiu para adiante sen abordar pormenorizadamente unha cuestión tan complexa e agora vemos as consecuencias.

Tal e como advertiamos na súa tramitación, o que se estaba a impulsar era unha improvisación legislativa que supuña unha reforma parcial e rápida da lei de balnearios de 1995 sen dar cobertura a determinados tipos de aproveitamento sobre os que existían lagoas conceptuais e legais. Lonxe de mellorar, agora vemos como a súa aplicación está a supoñer un problema na cidade de Ourense.

O Artigo 40 da citada lei determinaba no seu punto seis que “6. Os aproveitamentos lúdicos preexistentes deberán regularizarse no prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei.” este prazo rematou sen unha actitude proactiva por parte do Concello ou da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así mesmo, o artigo Artigo 24. Condicións hixiénico-sanitarias das instalacións contempla que *“en materia hixiénico-sanitaria, correspóndelle á consellaría competente en materia de sanidade establecer os requisitos técnicos e as condicións mínimas dos espazos termais e das piscinas termais de uso lúdico”*. Así mesmo, indícase no punto dous que *“mediante o correspondente desenvolvemento regulamentario, o Consello da Xunta determinará os requisitos hixiénico-sanitarios dos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico. Estas últimas suxeitaranse ao Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, nos termos previstos no dito real decreto, e á normativa autonómica ditada en desenvolvemento da dita norma básica.”* Porén, a cuestión é que tal decreto, así como o Decreto galego 119/2019 polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galiza introducen dúbidas respecto da adaptabilidade da piscina das Burgas a este marco por diversas razóns. Resumidamente, por unha banda pola temperatura establecida, que sitúa como tope máximo os 36º malia aludir ás augas termais, ignorando polo tanto as augas hipertermais, que segundo os criterios de aplicación terapéutica, que exixen unha temperatura superior aos 37 graos centígrados. Por outra banda, polas esixencias canto a caudal e alimentación do vaso, que podería colidir coa salvagarda das captacións e dos recursos hídricos.

A Xunta de Galiza, lonxe de planificar e asesorar respecto desta situación, e do impacto da covid-19, seguiu navegando na improvisación. Se nos meses de verán se escudou na pandemia e na realización de protocolos que nunca viron a luz, posteriormente a situación non mellorou e, segundo informan no Concello de Ourense, non se deu resposta razoada aos seus escritos, nin nos meses de verán nin posteriormente en febreiro. Alén desta falta de cumprimento das súas funcións, o chanzo definitivo de bloqueo desta situación chega cando no mes de marzo a Xunta de Galiza fai pública unha Guía para a elaboración do plan de autocontrol dos espazos termais.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este documento non só chega tarde e finalizado o período de adaptación das instalacións, sen instrucións claras sobre que grao de adiamento ou flexibilización supón a coincidencia coa pandemia, se é que supón algunha, senón que introduce máis confusión. Aínda que exclúe as piscinas termais, ao incluír os espazos termais tratándoos de forma moi similar, segue sen ser un marco adecuado para dar cobertura á situación dalgúns espazos de Ourense como é o caso de Outariz, xa que as esixencias que tería que cumprir canto a bombeo e auga serían imposibles e coliden coa salvagarda do manancial e dos recursos hídricos. Ourense segue, polo tanto, no medio dun baleiro normativo sumado a unha falta de xestión e resolución pola administración local e galega.

Neste contexto, é todo un exercicio de cinismo que o Presidente da Deputación de Ourense e o Vicepresidente primeiro da Xunta de Galiza anunciaran o pasado 15 de marzo o seu compromiso de impulso do plan "Ourense, provincia termal" cando a Xunta é responsable activa da paralización do termalismo na cidade de Ourense e o partido de goberno responsable activo do bloqueo político da cidade de Ourense.

Esta situación require de seriedade, planificación, compromiso por todas as partes e alturas de mira para determinar cales son as características das instalacións de Ourense e como poderían poñerse en funcionamento. É necesario superar a falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para recomenzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza. Incluso, se é necesario, as partes deben dialogar para valorar se é precisa algunha adaptación normativa para que a idiosincrasia e a especificidade da realidade termal ourensá teña cabida e sexa regularizada.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Que actuacións vai levar o goberno galego para ser parte da solución e non do problema para a reapertura das instalacións termais públicas do Concello de Ourense?

. Cal é a valoración que fai a Xunta de Galiza da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza?

. Considera que aumentou a confusión nas instalacións e aproveitamentos termais galegos? Valora algunha modificación urxente para subsanar as súas eivas? En que sentido?

. Entregou o concello de Ourense en tempo e forma a documentación necesaria conforme á Disposición transitoria primeira da Lei 8/2019 para a regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes?

. Cales son as razóns de que a día de hoxe non estean operativas en Ourense as instalacións das Burgas? Cal é a situación e a perspectiva respecto das termas do Muíño ou da parte pública de Outariz?

. Cando prevé o goberno galego determinar, mediante o correspondente desenvolvemento regulamentario, os requisitos hixiénico-sanitarios dos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico, conforme prevía o artigo 24 da Lei 8/2019?

. Cales son as razóns polas que o goberno galego deu a coñecer en marzo, e sen ningún tipo de audición ou consulta previa ás localidades afectadas, a guía para a elaboración do plan de autocontrol dos espazos termais?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Cales son as razóns de que non houberse durante todo o ano 2020 algún tipo de instrución equivalente? Considera razoábel ese baleiro legal?

. Por que a guía editada non fai nin unha soa mención á pandemia da covid-19? Prevé máis guías no lugar de incorporar esa información neste momento? Cal é a razón?

. Cales son as razóns de que a citada guía recompila basicamente referencias da normativa de piscinas ao tempo que as piscinas termais están excluídas por estar reguladas polo correspondente decreto galego e estatal? Non considera que isto é confuso e caótico?

. Reafírmase o goberno galego na aplicación de orzamento cero para a aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza? Non considera que é inxusto para os concellos afectados ter que asumir os custos derivados dunha lei impulsada unilateralmente e sen un proceso de consulta previo e suficiente?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonso**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/04/2021 13:30:55**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/04/2021 13:31:05**

**Daniel Pérez López na data 14/04/2021 13:31:14**

**María do Carme González Iglesias na data 14/04/2021 13:31:23**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 14/04/2021 13:31:30**



## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Manuel Lourenzo Sobral e Mercedes Queixas Zas,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a necesidade de que se manteña a toponimia oficial de “Ría de Ribadeo”.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado día 13 de abril facíase pública a nova de que o goberno do Estado comezaba a tramitar a solicitude do Principáu d’Asturies para que se oficialice o nome “Ría del Eo”, algo que vai contra a oficialidade do topónimo “Ría de Ribadeo” que é o nome historicamente empregado por habitantes galegos, asturianos e de calquera outra latitude e de igual xeito rexistrado en todo tipo de documentos históricos.

Deste xeito, comeza agora un proceso administrativo no que a Xunta de Galiza non pode quedar ausente na defensa da nosa toponimia e do nome que leva unindo a todas e todos desde hai xa séculos. E para iso o goberno galego pode empregar unha cantidade inxente de documentación e de argumentación histórica e lingüística, xa que podemos observar como xa se falaba de “Ría de Ribadeo” nas cartas do almirantado inglés do século XVII ou no Arquivo Xeral de Simancas do 1795.

Estes últimos son só uns poucos exemplos que nos permiten ver a antigüidade do uso deste termo, mais tamén podemos acudir a razóns sociolingüísticas, debido a que o termo “Ría de Ribadeo” foi o único termo empregado na oralidade polos habitantes das dúas beiras da ría até que hai unhas poucas décadas se introduciu un debate imposto





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

e interesado por parte dalgúns gobernos de concellos asturianos que viñeron a xerar un debate toponímico artificial que en ningún momento existira na sociedade eo-naviega.

Alén de todo isto podemos tamén observar como a introdución oficial deste hidrónimo “Ría del Eo” iría en contra de toda a nomenclatura oficial existente no referentes ás rías galegas e asturianas, nas que podemos darnos de conta de como os nomes rexistrados son “Ría de Vigo” e non do Verdugo, “Ría de Pontevedra” e non do Lérez, “Ría de Navia” e non do Navia, “Ría de Viveiro” e non do Landro ou “Ría de Xixón” e non do Piles, entre moitos outros exemplos.

Mais se todos estes argumentos non chegasen, a Real Sociedad Geográfica e a Comisión Especializada de Nombres Geográficos deixárono todo ben claro no ano 2008, xa que en palabras da propia Real Sociedad Geográfica “... Polo tanto, considerando que a denominación “Ría de Ribadeo” está xeralizada en toda a cartografía hidrográfica, topográfica, atlas e publicacións xeográficas de carácter científico, a nivel mundial, non hai ningunha razón para que se cambie esa denominación pola de “Ría del Eo” que, como queda demostrado, é un topónimo creado recentemente e erróneo...”. Isto levou a que a CENG acordase por maioría que o único nome oficial recoñecido sexa o de “Ría de Ribadeo”, do mesmo xeito que o Nomenclátor Geográfico Conciso de España indica que o único termo oficial é o de “Ría de Ribadeo” e ao que habería que engadir que o Instituto Geográfico Nacional indica que para realizar un cambio como o que o Principáu d’Asturies solicita sería necesario que dito troco fose unánime por parte de tódalas poboacións afectadas, algo que evidentemente é imposible, xa que a opción maioritaria entre a poboación é a de “Ría de Ribadeo”.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto e tendo en conta ademais que a propia Xunta de Galiza no 2008 xa se manifestou favorablemente a respecto do uso do topónimo “Ría de Ribadeo”, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai a Xunta de Galiza realizar as alegacións necesarias ante o goberno do Estado para que se manteña como único topónimo oficial o de “Ría de Ribadeo”?

. Cal é a opinión da Xunta de Galiza a respecto do proceso iniciado polo goberno do Estado no que se considera a opción de oficializar o termo “Ría del Eo”?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 14/04/2021 14:07:34**

**Mercedes Queixas Zas na data 14/04/2021 14:07:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/04/2021 14:07:48**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Isaura Abelairas Rodríguez, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O día 5 de xuño do 2.005 apróbase a modificación do Código Civil para incluír o dereito das persoas do mesmo sexo a contraer matrimonio.

Así empezou a súa exposición o presidente José Luis Rodríguez Zapatero

*“No estamos legislando, Señorías, para gentes remotas y extrañas. Estamos ampliando las oportunidades de felicidad para nuestros vecinos, para nuestros compañeros de trabajo, para nuestros amigos y para nuestros familiares, y a la vez estamos construyendo un país más decente, porque una sociedad decente es aquella que no humilla a sus miembros.”*

Só fixo falta incluír nesta norma de 1.889 tres palabras para cambiar a vida de milleiros de persoas.

*“El matrimonio tendrá los mismos requisitos y efectos cuando ambos contrayentes sean del mismo sexo o de diferente sexo”*

Esta lei, que entrou en vigor o día 3 de xullo do 2.005 supuxo un antes ou un despois para o recoñecemento dos dereitos en España das persoas LGTBI.

Un pequeno cambio na letra que supuxo que milleiros de persoas puideran cumprir co desexo de conviver dentro da legalidade coas súas parellas formando unha familia. España foi o terceiro país de Europa despois de Bélxica e Holanda en aproballo; Canadá fíxoo unhas horas antes.

As palabras, tres, **“del mismo o”**, permitiron que os homosexuais abandonasen o medo a vivir nunha situación de irregularidade. Despois de 15 anos a normalidade da diversidade sexual é unha das metas que lle quedan ao colectivo; e para chegar a iso necesitan máis visibilización. Cada vez é máis importante e necesario que as institucións garanten os dereitos das persoas LGTBI.



Observamos un retroceso tanto no discurso como nas actitudes e o intento de inxerencia dalgúns grupos políticos que enarborando a bandeira da liberdade conculcan os dereitos acadados.

A única maneira de construír unha sociedade igualitaria é que respectemos as persoas tal e como son.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado o Goberno galego ampliar as funcións e actividades do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, fomentando accións de normalización e visibilización do colectivo LGTBI, a través de actividades educativas sociais e culturais?
2. Como formarán ao persoal de Administración pública en materia de dereitos e liberdades das persoas LGTBI?
3. Actualizarán as guías de linguaxe inclusivo da Administración pública?
4. Vai complementar o Goberno galego a formación, especificamente, ao persoal docente; desde infantil, educación secundaria, FP e educación universitaria, así como ao persoal sanitario, traballadoras e traballadores sociais, educadoras e educadores sociais?
5. Impulsarán programas de visibilidade para o colectivo LGTBI no rural?
6. Formarán especificamente ás direccións e persoal das residencias de maiores para que as persoas LGTBI podan vivir en normalidade a súa orientación sexual ou identidade de xénero?
7. Están a dar cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola Igualdade de Trato e a Non Discriminación do colectivo LGTBI?

Pazo do Parlamento, 13 de abril do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 14/04/2021 17:08:18**

**Noa Susana Díaz Varela na data 14/04/2021 17:08:29**

**Julio Torrado Quintela na data 14/04/2021 17:08:41**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/04/2021 17:11:18  
**Nº Rexistro: 14253**  
Data envío: 14/04/2021 17:11:18.065

**Marina Ortega Otero na data 14/04/2021 17:08:48**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de dotar ao concello da Estrada dun centro de día.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do IGE de xullo de 2020 o concello de A Estrada tiña unha poboación de 20.061 persoas, das cales 5.637 teñen máis de 65 anos, un 28% do total, das cales 1.143 tiñan máis de 85 anos.

A pesares desta situación na actualidade no concello só hai un pequeno centro de día, situado na praza de abastos, reconvertida nun edificio de usos múltiples. A parte de pequeno, só acolle 20 usuarios, ten deficiencias importantes por mor dos problemas de construción da nova praza.

E máis que evidente que estas 20 prazas non son abondo para dar servizo a un servizo cada vez máis demandado pola poboación. A pesar do evidentemente avellentamento da poboación.

No centro da vila da Estrada está situado o edificio que até o mes de decembro de 2020 albergaba o centro de saúde vello, que se estivo utilizando até o mes de decembro. Estas instalacións teñen as condicións axeitadas para convertelo en centro de día, tanto pola situación céntrica como polas dimensións.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O edificio é propiedade do Ministerio de Traballo, que llo tiña cedido ao SERGAS para o fin citado.

O BNG considera que este edificio é idóneo para prestar un servizo público tan necesario para @s nos@s maiores, unha necesidade urxente e amplamente reclamada por parte de moitos veciños e veciñas. Permitiría ademais dinamizar a zona que o rodea desde, un punto de vista comercial e hostaleiro, moi afectada polo traslado do centro de saúde.

O concello da Estrada, tanto polo nivel de poboación como pola súa media de idade, precisa dun centro de día que permita prestar unha atención digna, por esa razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Considera a Xunta de Galiza que o concello de A Estrada dispón de instalacións dignas e do número de prazas de centro de día, acorde as necesidades da súa poboación?

Non coيدا que as instalacións que ocupaba até hai pouco o centro de saúde no centro da vila son idóneas para convertelas en centro de día?

Vai solicitar ao Goberno español a cesión das instalacións do antigo centro de saúde e proceder a posta en marcha neste edificio dun centro de día?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/04/2021 17:10:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/04/2021 17:10:03**





## Á Mesa do Parlamento

**María Felisa Rodríguez Carrera, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz e José Luis Ferro Iglesias** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura.**

Galicia conta cun modelo educativo propio e diferenciado, que ten que seguir mellorando cada día para seguir mantendo, se cabe, mellorar os bos resultados acadados nos últimos anos.

Un sistema educativo que, sen esquecer ás familias, pon no centro da súa acción ao alumnado e ao profesorado; apostando polas novas tecnoloxías e pola innovación educativa para avanzar na formación e na aprendizaxe co obxectivo da mellorar a calidade.

Nesta liña de mellora, a Administración educativa abriu un proceso de escoita e participación en canto á posibles modificacións no calendario escolar en Galicia.

Dando un paso máis, e sempre buscando o beneficio dos alumnos, o profesorado e as familias, a Xunta de Galicia está propor a modificar no curso 2021/2022 as datas dos exames de recuperación do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), 1º de Bacharelato e 1º de FP Básica ao mes de xuño. Cómpre lembrar que en 2º de Bacharelato as probas extraordinarias xa se realizan nesas datas, por mor da ABAU, desde o curso 2018/2019.

En concreto, o borrador do calendario escolar do curso 2021/2022 prevé que o alumnado de ESO, Bacharelato e primeiro curso de FP Básica realice as probas de recuperación no mes de xuño de 2022, en vez de facelo no mes de setembro.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



- 1.- Cal é o obxectivo desta modificación do calendario escolar do curso 2021/2022 para o alumnado de ESO, Bacharelato e primeiro curso de FP Básica?
- 2.- En que medida se verán afectados ou favorecidos os alumnos, o profesorado e as familias?
- 3.- Esta iniciativa foi valorada por algunha organización de centros de ensino?
- 4.- Cal é a proposta de calendario escolar da Xunta de Galicia para o vindeiro curso 2021/2022?

Santiago de Compostela, a 14 abril 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/04/2021 17:11:28**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 14/04/2021 17:11:47**

**Teresa Egerique Mosquera na data 14/04/2021 17:11:59**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 14/04/2021 17:12:08**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 14/04/2021 17:12:38**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 14/04/2021 17:12:50**

**José Luis Ferro Iglesias na data 14/04/2021 17:13:02**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A estrada autonómica LU-162 é unha das máis importantes do concello de Foz, así como dos municipios da súa contorna, xa que ademais de servir como principal vía de comunicación das parroquias de Cordido e Cangas coa capital municipal é a vía máis directa de unión de Alfoz e O Valadouro con Burela e coa Mariña Occidental. Polo tanto, esta estrada soporta un elevado tráfico de vehículos, o que constitúe un perigo para os veciños e veciñas que viven na travesía de Cangas, no barrio de Vilamor.

Parte desta travesía conta con beirarrúas, que se fixeron en dúas fases distintas, a última no ano 2015, pero a actuación non se completou, polo que as vivendas máis próximas a Ferreira do Valadouro teñen un risco engadido e os peóns non se poden desprazar coa debida seguridade. Así mesmo o estado de conservación destas beirarrúas non é o axeitado, atopándose lousas levantadas, o que implica riscos de tropezo e caídas, como xa ten acontecido nalgunha ocasión. Outro problema de seguridade maniféstase na rede pluvial existente na estrada, que conta con pozos de grandes dimensións abertos, sen ningún tipo de protección, o que constitúe un gran risco de caída para a veciñanza que vive nesta travesía.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cando vai a Xunta de Galicia licitar e executar a obra de construción da terceira fase de beirarrúas na Travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, estrada LU-162 de Ferreira a Cangas?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 14/04/2021 17:58:50**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/04/2021 17:59:02**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Pablo Aranguena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Diario Oficial de Galicia do 13 de marzo de 2021 publica a Resolución do 29 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021.

Esta resolución ten como obxectivos:

1. Aumentar a sensibilidade cidadá en relación coas alteracións ou impactos en relación coa paisaxe, é dicir, nas cales diversas actuacións xeraron transformacións que deterioraron o carácter ou a calidade da paisaxe, e
2. Sensibilizar e fomentar a colaboración cidadá en coordinación coas administracións públicas.

Estes obxectivos, que compartimos, deben permitir que toda a cidadanía sexa consciente da relevancia do seu papel e a importancia da responsabilidade compartida na mellora e conservación da esencia de Galicia no eido do respecto paisaxístico.

A dotación económica desta actuación é de 1.000.000 €, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, e se establecen importes das subvencións do 70 % do orzamento do investimento subvencionable, cun límite máximo de 3.000 €.

Con independencia de que o orzamento desta actuación se poida considerar manifestamente insuficiente, tendo en conta a realidade que pretende corrixir, debemos chamar a atención sobre dous feitos relevantes: que se trate dun procedemento de concorrencia non competitiva e o prazo de presentación de solicitudes.



Así, o carácter non competitivo das axudas leva a que, conforme se establece no artigo 8.4 para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia ata que se esgote o orzamento da convocatoria.

Por outro lado, o prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, ou sexa o 14 de abril de 2021, e abranguerá ata o 31 de maio de 2021. En definitiva, un mes e medio.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a xustificación pola que se optou por establecer un réxime de concorrencia non competitiva para a concesión destas axudas?

2ª) Considera que o prazo do que dispoñen os potenciais beneficiarios para presentar as súas solicitudes é suficiente?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/04/2021 12:14:32**

**Patricia Otero Rodríguez na data 14/04/2021 12:14:55**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/04/2021 12:15:08**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O pasado mes de febreiro a empresa Ence emitiu un informe á Xunta de Galicia no que advirte que a presenza de mercurio nas augas subterráneas do entorno da pasteira son cada vez máis elevados, alertando que os medidores non tiñan indicado índices tan elevados deste mineral tóxico nos últimos 10 anos.

A empresa advirte tamén neste informe sobre as consecuencias que estes vertidos puideran ter sobre a saúde dos traballadores e traballadoras ou a veciñanza, así como sobre a salubridade dos produtos de pescado e marisco que se extraen das augas que se atopan nesa contorna.

Dende a pasteira sinálase á empresa Elnosa como responsable desta filtración tóxica a través das augas subterráneas que se moven baixo o límite que separa a ambas compañías.

Elnosa, ata 2004 foi propiedade de Ence, dedicouse durante 3 décadas á fabricación de cloro para branquear papel, e unha das súas materias primas fundamentais era o mercurio.

Neste momento a empresa atópase en proceso de desmantelamento, e este material tóxico volve a aflorar, coincidindo coa demolición dos edificios nos que desenvolvía a súa produción.

O plan para desmontar Elnosa foi aprobado polo Goberno da Xunta a mediados de 2020, que fixou os criterios e condicións do desmantelamento dende o punto de vista da análise de risco de contaminación.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno da Xunta de Galicia que o proxecto de descontaminación e desmantelamento da empresa Elnosa é tecnicamente sólido?



2. Que medidas de contención se adoptaron para evitar a afección ao solo colindante e ás augas subterráneas desa zona?
3. Como xustifica o goberno da Xunta de Galicia o aumento progresivo dos índices de mercurio na zona e que na actualidade os niveis superen con moito os dos últimos 10 anos?
4. Mantén o Goberno galego a afirmación de que a presenza dun elemento no solo nunha concentración superior ao nivel xeral de referencia non ten por que supoñer un problema?
5. Pode afirmar a Xunta de Galicia que os traballadores/as de Ence non son os receptores potenciais deste tóxico e non pode ter isto consecuencias sobre a súa saúde?
6. Que consecuencias ou efectos sobre as augas subterráneas ou sobre os pescados, moluscos desta ría, pode ter a presenza deste tóxico?
7. Que consecuencias ou efectos pode ter a presenza deste tóxico sobre a veciñanza das vivendas próximas que poidan estar expostos a compostos volátiles da instalación?

Pazo do Parlamento, 14 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Luís Manuel Álvarez Martínez

Patricia Otero Rodríguez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 14/04/2021 18:30:22**

**Pablo Arangüena Fernández na data 14/04/2021 18:30:29**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/04/2021 18:30:42**

**Patricia Otero Rodríguez na data 14/04/2021 18:30:51**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás graves afectacións do trazado da autovía AG 59.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está levando a cabo a ampliación da autovía AG 59 en fases, para ser acometida por tres subtreitos.

Deste xeito a Consellaría de Infraestruturas elaborou o proxecto de ampliación da AG-59 desde a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada), cunha autovía que atravesa o río Ulla cun viaduto de 40 metros e catro carrís, e o río Veá, con outro pequeno viaduto de menores dimensións, ambos incluídos na Rede Natura 2000.

Toda a ribeira do Ulla que descorre polos concellos da Estrada e Teo está inserida no sistema fluvial Ulla-Deza da Rede Natura 2000, e a maiores o río Veá, desde o lugar de Cardelle até a desembocadura no Ulla, así como río Liñares, desde Pina até o citado río.

O trazado desta ampliación da AG-59 discorre por un espazo protexido no que se concentra vexetación autóctona como carballos, ameneiros e freixos, e tamén fauna como salmón, troita, lamprea, parrulos, morcegos ou mexillón de río entre outras especies. Por outra parte, o trazado tamén afecta gravemente a patrimonio etnográfico de enorme importancia cultural, como os Muíños do Veá, posto en valor pola asociación A Xesteira de Couso, sufragado con fondos europeos, da Xunta e do Estado. Ademais





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

arrasa terreos agrarios en ambos os dous concellos, en especial en Cora onde se concentran varias explotacións agro-gandeiras, que verán diminuída a súa base produtiva. Por outra parte, este proxecto de autovía deseñado pola Xunta do PP, divide parroquias, afectando gravemente á habitabilidade destas, xa que discorre moi preto das casas, como por exemplo no Rollo, onde remata a autovía.

Tamén se verá afectado o Camiño da Geira e dos Arrieiros que vén de Braga (Portugal) até Santiago Compostela, camiño que foi posto en valor pola asociación Codeseda Viva, que logo dun intenso traballo de documentación demostrou que ten a súa orixe no século IX.

No val de Santa Lucía no concello de Teo tamén hai afectacións a Bens Patrimoniais: muíños de Santa Lucía; presa e pesqueira da Veiguíña; poza de regadío; presa, muiñou e ponte do Pontillón; camiños tradicionais; presa, canle e muiño de Ferreiriño; presa, muíños, canle e gabia de rega do Pontillón; pesqueira do río Ulla. Ao que hai que engadir elementos afectados que non figuran na planimetría: rego e manancial do Regueiro; paso de pedra sobre o Regueiro, gabias de rego...

O proxecto de ampliación da AG-59 ao seu paso polos concellos de A Estrada e Teo é unha agresión en toda regra ao medio ambiente, ao patrimonio cultural e etnográfico, así como aos nosos sectores produtivos e á convivencia. Trae máis problemas que beneficios á veciñanza de ambos concellos, arrasa fincas, espazos naturais e patrimoniais... consideramos que non é o mellor xeito de traballar por un rural vivo e con futuro.

O trazado deste proxecto non está pensando para dinamizar a economía de ambos concellos, ao contrario, senón que afecta gravemente á mesma, nin sequera comunica o polígono industrial de Toedo, ademais de supoñer un problema de seguranza viaria, xa que este subtreito remata nunha forte pendente.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión  
2ª:

Considera que o actual proxecto de trazado do subtreito de ampliación da  
autovía AG 59 entre a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada) é o  
máis acaído

Cal é a xustificación deste nivel de agresión ao medio ambiente, ao patrimonio  
cultural e etnográfico, aos nosos sectores produtivos e a convivencia da veciñanza?

Parécelle normal investir cartos públicos na posta en valor do patrimonio como  
é a ruta dos Muíños do Veá ou o Camiño da Geira e dos Arrieiros e logo arrasalo?

Vai proceder á modificación do trazado do subtreito de ampliación da autovía  
AG 59 entre a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada)?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 14/04/2021 18:42:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/04/2021 18:42:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/04/2021 18:42:38**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª,** sobre a necesidade da creación dunha consulta de cirurxía vascular no Hospital da Mariña en Burela.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe e en pleno ano 2021, os mariñáns e as mariñás non contan cunha sanidade pública que no seu hospital comarcal asegure unha atención mínima e de calidade de cirurxía vascular.

Este feito non é outra mostra máis da ausencia de dotacións e servizos que presenta a sanidade pública da comarca da Mariña, que provoca, entre moitas outras cousas, que os seus habitantes teñan que facer uns 100 quilómetros se queren ser atendidos e atendidas por enfermidades de carácter vascular, sexan estas moi graves e complexas ou absolutamente sinxelas coma o caso das varices.

Outra opción á que moitos e moitas doentes recorren é a de acudir, sempre que poidan, á sanidade privada que si que garante este servizo, entre moitas outras cousas polo feito de que este tipo de doenzas son moi comúns e a cantidade de persoas demandante destas intervencións é moi elevada.

Deste xeito, e sabendo que non existe a especialidade na carteira de servizos, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que o Hospital da Mariña debe





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

contar con esta dotación, polas razóns expostas anteriormente e polo feito de que é posible realizar actuación básicas do tipo das varices, das fístulas arterioveosas para diálise ou as ecografías doppler. A isto habería que sumar o feito de que a maioría destas intervencións non precisarían de ingreso, xa que se farían de xeito ambulatorio e que alén disto, xa se ten experiencia e boa na práctica destas intervencións no Hospital de Burela.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Está a Xunta de Galiza disposta a dotar ao Hospital da Mariña da consulta de cirurxía vascular?

. Considera a Xunta de Galiza que unha poboación coma a do Distrito Sanitario da Mariña pode ofrecer unha boa sanidade pública sen contar cunha consulta de cirurxía vascular?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 15/04/2021 09:22:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/04/2021 09:22:30**

**Iria Carreira Pazos na data 15/04/2021 09:22:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2000/60/CE Marco da Auga, establece como obxectivo prioritario “evitar todo deterioro adicional das masa de auga ...” e para isto as actuacións de limpeza, mantemento e conservación fluvial fanse imprescindíbeis para a mellora dos leitos, para favorecer as condicións naturais dos ríos e o coidado do dominio público hidráulico.

As condicións climatolóxicas vividas en Galiza no último inverno, con abundantes choivas e numerosos temporais, provocaron que a falla de limpeza dalgúns ríos trouxeran consecuencias para os propios canles fluviaais e nas zonas colindantes.

Este é o caso dos ríos da Mina e Pesqueira, no concello de Lousame, que transcorren por zonas non urbanas na súa totalidade. Neles pódense apreciar pólas e árbores caídas nalgúns tramos que están a alterar o seu leito e a provocar que as augas gañen terreo ás fincas lindeiras onde ten lugar a actividade agrícola.

Nalgúns puntos concretos a busca das augas dunha circulación fluída xa ocasionou afundimentos importantes nos terreos limítrofes converténdose tamén nun







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

risco e nun perigo para as persoas que traballan as leiras máis achegadas ou simplemente camiñan pola zona.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1.- É coñecedora a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da situación que se está a dar nos ríos da Mina e Pesqueira, no concello de Lousame?

2.- Forman parte os ríos mencionados da programación de actuacións de mantemento e conservación fluvial anual de Augas de Galiza? De ser así, cando se vai a proceder a levalas a cabo?

3.- En todo caso, vai levar a cabo Augas de Galiza as actuacións necesarias para a limpeza e mantemento dos ríos da Mina e Pesqueira e evitar así que continúe a súa propia degradación e a dos terreos máis próximos?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/04/2021 09:48:03**

**Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2021 09:48:12**



## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé, Daniel Pérez López e Olalla Rodil Fernández,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª,** instando ao Goberno galego a tomar medidas para reverter a situación de emerxencia que vive a mocidade galega a nivel laboral un ano despois do comezo da crise sanitaria.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano despois do comezo da crise sanitaria, económica e social derivada da COVID-19, comezamos a ver as consecuencias e o impacto da mesma no mercado laboral e máis concretamente na situación laboral da mocidade galega.

O mercado de traballo xuvenil está caracterizado por unha tremenda precariedade e temporalidade, que leva a unha nula capacidade de independencia económica da mocidade galega e, en demasiados casos, á expulsión do noso país de milleiros de mozas que buscan un futuro fóra xa que non poden telo no noso país.

O Foro Económico de Galiza, advertía desta cuestión a finais do ano 2020, co seu informe sobre o fenómeno da fuga de talento, onde se poñían de manifesto diferentes indicadores en concepto de perdas económicas, non creación de empresas e menos nacementos por ano para o noso país.

Este mesmo organismo ven de publicar, no seu informe de conxuntura de marzo do 2021, outra serie de indicadores moi alarmantes. Estes fan referencia á destrución de





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

emprego xuvenil durante o ano de pandemia, así como tamén os sectores máis prexudicados e a porcentaxe de recuperación de emprego.

Todos estes datos son verdadeiramente preocupantes, con 15.000 empregos menos en tan só un ano, dos cales a grande maioría pertencen ao sector servizos, nomeadamente hostalaría e comercio, onde só 2 de cada 10 mozas recuperaron o emprego perdido, así como tamén reflexa unha caída do 10% na afiliación á Seguridade Social.

Estes datos complementábase cos da temporalidade e a precariedade laboral sabendo que preto dun terzo dos novos contratos teñen unha duración máxima dunha semana e que a contratación en xornada parcial aumentou nun 118% dende 2009 segundo os datos da Consellería de Emprego, ocupando a mocidade un terzo deses contratos cunha media do 50% de temporalidade nos contratos.

O informe de conxuntura do Foro Económico de Galiza advirte tamén da dependencia de sectores como o da hostalaría, sendo un dos sectores máis castigados pola pandemia e un sector cunha precariedade e temporalidade maiúscula e no cal, moitas mozas non puideron acollerse aos ERTes para tentar saír adiante durante a crise.

Estamos pois ante un agravamento da alarmante situación laboral na que vive a mocidade galega. A crise da COVID-19 viu a manifestar con máis claridade as eivas estruturais do mercado laboral en Galiza, así como tamén os problemas estruturais da propia economía do país. Nun contexto de crise industrial sen precedentes, unha dependencia cada vez maior do sector da hostalaría e o retroceso nos dereitos laborais das traballadoras, é preciso un plan de choque para garantir un emprego digno para a nosa mocidade e un futuro digno para Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos datos referentes ao emprego xuvenil do último informe de conxuntura do Foro Económico de Galiza?

. Que medidas vai implementar a Xunta de Galiza para frear a dependencia dos sectores da hostalaría e do turismo no mercado de traballo xuvenil?

. Como valora a Xunta de Galiza os datos de temporalidade extrema nos contratos, aumento das xornadas parciais e o desemprego na mocidade galega?

. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a diferenza salarial existente entre a mocidade galega e o resto de asalariadas?

. Considera a Xunta de Galiza a falta de oportunidades e a temporalidade e precariedade laboral como un feito fundamental que explica a emigración xuvenil galega?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Daniel Pérez López**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 15/04/2021 09:52:24**

**Daniel Pérez López na data 15/04/2021 09:52:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2021 09:52:35**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas é un tributo cedido parcialmente de carácter persoal e directo que grava a renda das persoas físicas segundo diferentes parámetros das súas circunstancias persoais e familiares. Este imposto ten unha importancia capital na repartición das rendas e na contribución da cidadanía ao sostemento dos servizos públicos.

A normativa que o regula é de carácter estatal e recóllese a través fundamentalmente da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Este texto legal ten en conta a capacidade normativa propia das Comunidades Autónomas cuxo alcance se determina no artigo 46 da Lei 22/2008, do 18 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía. Ao abeiro desta capacidade normativa, as comunidades poden arbitrar deducións e diferentes beneficios.

Este reparto de competencias podería verse reformulado de negociarse un novo sistema de financiamento, máis ao non desenvolverse este extremo, pendente desde





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2014, non houbo unha actualización do marco nin Galiza defendeu máis cotas de autogoberno baixo os mandatos de Núñez Feijóo. Tampouco se coñece, a día de hoxe, proposta algunha por parte do goberno galego.

Para o exercicio da Renda do ano 2020 (a declarar en 2021) no uso das competencias normativas que lle corresponden, a Xunta de Galiza aprobou, en síntese, as seguintes deducións:

- Dedución por nacemento ou adopción de fillos/as.
- Dedución por familia numerosa.
- Dedución por acollemento.
- Dedución por coidado de fillos menores.
- Dedución por suxeitos pasivos discapacitados, de idade igual ou superior a sesenta e cinco anos, que precisen axuda de terceiras persoas.
- Dedución por aluguer de vivenda habitual.
- Dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.
- Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.
- Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Dedución por inversión en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do Mercado Alternativo bolsista
- Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica.
- Dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo.
- Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos.
- Dedución por investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra.
- Dedución da cota íntegra autonómica por determinadas subvencións e/ou axudas obtidas a consecuencia dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.
- Deducións da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018.
- Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares.
- Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galiza.

É de salientar que, malia as promesas electorais e no discurso de investidura, finalmente, un ano máis, a Xunta de Galiza non arbitrou reducións para as familias monoparentais, malia que son un dos sectores máis vulnerábeis da nosa sociedade tal e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

como sinalan numerosos indicadores, como por exemplo, os informes anuais da Rede Galega contra a pobreza.

Así mesmo, malia que algunhas das deducións incorporadas para o exercicio 2020, como a desgravación por doazóns á investigación, sinalan un dos camiños e necesidades derivadas da pandemia do coronavirus, non é menos certo que en xeral as deducións formuladas teñen unha adaptación insuficiente ao novo contexto que viven os galegos e galegas.

De forma especial, cómpre sinalar a insuficiencia deste marco normativo e da formulación concreta da Xunta de Galiza para atender e paliar mediante este exercicio do autogoberno o impacto sobre a clase traballadora da crise económica agudizada pola covid-19. Singularmente, a Xunta de Galiza desaproveita a oportunidade de protexer mediante algunha dedución autonómica no IRPF aqueles traballadores e traballadoras máis castigados pola precariedade laboral e que no ano 2020 foron afectados por un ERTE, polo desemprego ou por varios contratos de diferentes empregadores por necesidade de complementar rendas moi cativas.

O impacto da pandemia da covid-19 nas capas máis vulnerábeis da sociedade non será unha cuestión que remate no exercicio fiscal do ano 2020, senón que se alongará nos próximos anos. Sen ir máis lonxe, 2021 será un ano de continuidade dos ERTE e de grandes dificultades para atopar un emprego en numerosos sectores económicos. Polo tanto, é necesario valorar o impacto das desgravacións arbitradas para o exercicio 2020 e tomar medidas para adaptar as desgravacións do ano 2021 ás necesidades sociais.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Como valora o goberno galego o proceso de declaración da renda e o impacto da covid-19?

Como valora o goberno galego o seu exercicio do autogoberno nesta materia? Considera que aplicou as medidas necesarias para adaptarse ao contexto social e económico da covid-19?

Vai exercer o goberno galego a súa capacidade de autogoberno en materia fiscal para axudar aos colectivos afectados por ERTE, desemprego e contratos precarios que se ven perxudicados polos limiares que esixen a declaración da renda?

Que medidas valora impulsar para o próximo exercicio?

Cales considera necesario eliminar?

Vai demandar o goberno galego máis capacidade normativa ao goberno do Estado? En que termos? E no marco da hipotética reforma do sistema de financiamento?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 15/04/2021 10:33:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2021 10:33:43**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 15/04/2021 10:33:53**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral e Xustiza**.

O pasado mes de marzo celebráronse varios exames de oposición para acceder a postos de psicólogo/a e traballador/a social da Xunta de Galicia.

Trala realización destes exames sucedéronse as queixas en relación ao contido dos mesmos, varios colectivos entre eles os colexios profesionais de psicólogos e traballadores sociais denunciaron que as probas non cumprían os criterios mínimos esixibles.

Denunciaban que as preguntas estaban cheas de imprecisións, mal formuladas ou cunha formulación errónea, sobre materia que estaba fóra de temario.

Por outra banda, quéixanse que na convocatoria non se especificaban os criterios de corrección, e que unha vez estes se publicaron atendían a uns criterios incomprensibles e cheos de contradicións.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o acontecido é consecuencia do desleixo da Consellería de Facenda que amosou dende un inicio a falta de respecto total cara estas profesións.

Porque senón non se pode explicar que na configuración dos tribunais de oposición, non houbera persoas coa formación específica de cada unha das especialidades que se estaban a examinar.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que criterios utilizou o Goberno galego para a designación do Tribunal que ía a estar ao fronte das oposicións da categoría A2, para acceder ao posto de psicólogos e traballadores sociais da Xunta de Galicia?



2. Como xustifica a Xunta de Galicia que ningún dos membros integrantes do Tribunal de oposicións tivera formación académica na categoría profesional que se estaba a examinar?

Pazo do Parlamento, 15 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 15/04/2021 11:19:19**

**Pablo Arangüena Fernández na data 15/04/2021 11:19:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Daniel Pérez López**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a xestión da convocatoria para o 2021 da tarxeta “Bono turístico”.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante resolución da Axencia Turismo de Galiza de 7 de abril de 2021 establecíanse as bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, da tarxeta bono turístico e a súa convocatoria para o 2021.

No artigo 5 da devandita convocatoria prevíase expresamente que:

*1. As persoas interesadas que desexen optar ao Bono turístico #QuedamosenGalicia21 deberán presentar a súa solicitude, conforme o modelo do anexo II, obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.*

*Para estes efectos enténdese que queda acreditado que as persoas solicitantes gozan do acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios por razón da súa capacidade técnica en virtude do artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.*

*Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365.*

*2. O prazo para a presentación de solicitudes desta convocatoria estará aberto a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia desta resolución ata o día 1 de novembro de 2021 (incluído).*

Xa que logo para a concesión do Bono Turístico é esencial o momento da presentación da solicitude, pois trátanse de subvencións adxudicadas en sistema de concorrencia non competitiva, para o que será determinante que a persoa interesada dispoña dunha boa conexión informática e dunha equipa que permita axilidade na xestión administrativa, pois segundo o disposto pola Xunta de Galiza ese será o criterio esencial para a concesión da subvención.

Ao abeiro da establecido na resolución transcrita, de 7 de abril, o prazo comezaría a partires do día seguinte da súa publicación no DOG, a cal produciuse o 13 de abril.

Ao marxe de calquera outra consideración sobre a eventual vantaxe que implica a disposición de mellores medios e conexións para a concesión dos beneficios turísticos (péñese en zonas do rural no que no existe conexión a internet ou que está é deficiente), resultar evidente que por disposición da propia Xunta de Galiza dende o día 14 de abril era previsible unha acumulación e concentración de solicitudes do Bono







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Turístico. A propia Xunta de Galiza estableceu un sistema para que se producira tal circunstancia.

A realidade amosou unha falla de previsión e cálculo por parte da Xunta de Galiza que provocou un colapso no sistema e bloqueo do sistema cunha grande número de solicitantes imposibilitados de presentar a súa solicitude polo único sistema previsto pola Administración convocante, e cunha lista de persoas agardando a acceder ao rexistro da Xunta de Galiza. A deficiente previsión da Xunta de Galiza provoca un incremento da falla de transparencia e rigor do sistema de adxudicación do beneficio económico convocado.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Preveu a Xunta de Galiza a posibilidade de que as solicitudes para a concesión do Bono Turístico se concentrasen nos momentos inmediatos á apertura do prazo de presentación?

. Que medidas e reforzos adoptou a Xunta de Galiza para a tramitación do denominado Bono Turístico?

. Existiu algunha causa técnica, ao marxe do número de solicitudes presentadas e de intentos de acceso ao sistema, que puidera provocar o colapso do mesmo?

. Toda vez que numerosas persoas interesadas víronse impedidas para a presentación das solicitudes polo único sistema establecido, pode garantir a Xunta de Galiza que a concesión das subvencións vaise axustar ao criterio establecido na





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

convocatoria e que o mal funcionamento do sistema non vai impedir que persoas que accederon primeiro queden relegados no outorgamento dos beneficios económicos?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

**Daniel Pérez López**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/04/2021 12:01:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/04/2021 12:02:06**

**Daniel Pérez López na data 15/04/2021 12:02:17**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de outubro, o Grupo Parlamentar do BNG rexistraba unha serie de iniciativas nas que trasladaba a grande preocupación de moitos mariñeiros galegos após a nefasta campaña do polbo sufrida durante o pasado verán, no que case non se chegou ao 10% das capturas dos últimos anos.

Pechado o ano 2020, a día de hoxe xa coñecemos a totalidade dos datos e estes son máis que alarmantes: As vendas nas lonxas galegas diminuíron un 60%, a facturación fíxoo nun 40% e das máis de dúas toneladas capturadas no 2019, apenas unha foi capturada no 2020.

Na resposta escrita que a Consellería do Mar enviou a este grupo no mes de febreiro, asegúrase “estar a traballar en tres liñas fundamentais: 1.- Por parte das Federacións procederíase a manter xuntanzas para presentar propostas que xiren entorno á revisión do plan (número de nasas, período de veda e control). 2.-Desde a Consellería procedeuse a analizar as ferramentas legais que permitan establecer paralizacións temporais e o reforzo do control. 3.-Desde a Consellería procedeuse a analizar as causas na diminución das capturas de polbo á que asistimos este ano. Amais, tense realizado un estudo sobre o estado do recurso e un dos datos importantes reside en que o valor da





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

clase máis pequena de polbo capturado (<250g) é o máis alto de tódalas campañas anteriores, e por iso hai que regular ata que medre e acade talla comercial ...”.

Na exposición de motivos da resolución do 12 de maio de 2020, pola que se aproba o Plan experimental para a xestión do polbo con nasa para a campaña 2020/21, xa se recolle que o ciclo vital do polbo é de aproximadamente dous anos. O principal período reprodutivo sucede na primavera, e como consecuencia disto a época de recrutamento é na primavera-verán do ano seguinte.

Pois ben, estamos no mes de abril e nada en absoluto coñecemos das conclusións que se desprenderon do estudo realizado sobre o estado do recurso e as medidas que propón.

No día de onte tivo lugar a Comisión do Polbo e, segundo transcendeu, consensuouse co sector o plan do polbo e acordouse unha veda que se iniciará o 1º de maio e estenderase ata o 5 de xullo. Retómase así o paro de aproximadamente dous meses que viña sendo habitual e que tivo a súa excepción no ano 2020 no que só se mantivo durante un mes.

Con todo, hai que ter en conta que a escaseza de capturas que se produciu no último ano tivo e está a ter consecuencias económicas moi importantes para aquelas persoas que se dedican fundamentalmente a esta especie. Localidades costeiras de todo o país, onde o polbo supón arredor do 70% dos ingresos do sector, están nunha delicada situación á que hai que sumar as consecuencias, tamén negativas, que trouxo a pandemia e as súas restricións.

Cómpre, pois, que a administración galega, precisamente de quen dependen as competencias nesta materia, sexa sensíbel ao que vén acontecendo e tome as medidas que impidan un agravamento das circunstancias, xa difíciles, dos mariñeiros.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

- . Que valoración fai o goberno galego da redución e das súas causas das capturas de polbo nas costas galegas producida no ano 2020?
- . Cales son as conclusións do estudo do estado do recurso levado a cabo pola Consellería do Mar? Que medidas se tomaron e se van tomar ao respecto?
- . Que valoración fai a Xunta de Galiza das negativas repercusións económicas que está a ter a escaseza de capturas de polbo e os efectos da pandemia no sector?
- . Vai a Consellería do Mar a establecer axudas compensatorias para os mariñeiros mentres dure a veda do polbo?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021

**Asdo Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2021 12:47:10**

**María do Carme González Iglesias na data 15/04/2021 12:47:14**

**Daniel Castro García na data 15/04/2021 12:47:21**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia tiña como parte dos seus obxectivos consolidar a Galicia como territorio innovador para mellorar a competitividade das empresas, favorecer o crecemento sostible e xerar postos de traballo de calidade. Para acadar eses obxectivos o plan pretendía incrementar nun 11 % o persoal empregado en actividades de I+D con respecto a 2016, aumentar nun 15 % o número de empresas con actividades innovadoras con respecto a 2016, sumar un 20 % máis ao gasto empresarial en actividades innovadoras respecto a 2016, incrementar nun 15 % o volume de negocio por produtos novos ou mellorados respecto ás 2016 e acadar o 1,7 % de gasto sobre o PIB.

O dito Plan Galicia Innova 2020 non cumpriu ningún dos seus obxectivos, resultando insuficiente e carente de contido á altura dos retos do sector, sabendo que o investimento en investigación, desenvolvemento e innovación é estratéxico para acadar a reactivación económica que precisa o noso país, fundamentalmente despois das consecuencias económicas negativas derivadas da Covid-19.

O Grupo Parlamentario Socialista leva demandando reiteradamente á Xunta de Galicia que aposte por unha I+D+i reforzada e orientada aos resultados, que priorice as actividades cunha base de coñecemento común de certa intensidade, que fortaleza o sistema de ciencia e tecnoloxía e que incremente as achegas públicas, así o 25 de novembro de 2020 o Pleno deste parlamento aprobou por unanimidade unha proposición non de lei presentada polo noso grupo, no que se instaba a Xunta de Galicia a elaborar un novo plan galego de I+D+i en 2021, no que se duplique o gasto en investigación e innovación para situar Galicia na media española.

Porén, a realidade é que a Xunta de Galicia non executa axeitadamente os recursos que destina inicialmente a I+D+i, así dende 2016 a 2020 ten deixado sen executar máis de 135 millóns de euros.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a execución orzamentaria dos créditos destinados a I+D+i nos últimos anos?

2ª) Como vai ser o proceso de elaboración do novo plan galego de I+D+i?

3ª) Vaise dar participación na súa elaboración ao sector empresarial, ás universidades, aos sindicatos e aos grupos parlamentarios?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/04/2021 12:18:11**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 14/04/2021 12:18:25**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/04/2021 12:18:45**





## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia tiña como parte dos seus obxectivos consolidar a Galicia como territorio innovador para mellorar a competitividade das empresas, favorecer o crecemento sostible e xerar postos de traballo de calidade. Para acadar eses obxectivos o plan pretendía incrementar nun 11 % o persoal empregado en actividades de I+D con respecto a 2016, aumentar nun 15 % o número de empresas con actividades innovadoras con respecto as 2016, sumar un 20 % máis ao gasto empresarial en actividades innovadoras respecto a 2016, incrementar nun 15 % o volume de negocio por produtos novos ou mellorados respecto ás 2016 e acadar o 1,7 % de gasto sobre o PIB.

O dito Plan Galicia Innova 2020 non cumpriu ningún dos seus obxectivos, resultando insuficiente e carente de contido á altura dos retos do sector, sabendo que o investimento en investigación, desenvolvemento e innovación é estratéxico para acadar a reactivación económica que precisa o noso país, fundamentalmente despois das consecuencias económicas negativas derivadas da Covid-19.

O Grupo Parlamentario Socialista leva demandando reiteradamente á Xunta de Galicia que aposte por unha I+D+i reforzada e orientada aos resultados, que priorice as actividades cunha base de coñecemento común de certa intensidade, que fortaleza o sistema de ciencia e tecnoloxía e que incremente as achegas públicas, así o 25 de novembro de 2020 o Pleno deste parlamento aprobou por unanimidade unha proposición non de lei presentada polo noso grupo, no que se instaba a Xunta de Galicia a elaborar un novo plan galego de I+D+i en 2021, no que se duplique o gasto en investigación e innovación para situar Galicia na media española.

Porén, a realidade é que a Xunta de Galicia non executa axeitadamente os recursos que destina inicialmente a I+D+i, así dende 2016 a 2020 ten deixado sen executar máis de 135 millóns de euros.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a execución orzamentaria dos créditos destinados a I+D+i nos últimos anos?

2ª) Como vai ser o proceso de elaboración do novo plan galego de I+D+i?

3ª) Vaise dar participación na súa elaboración ao sector empresarial, ás universidades, aos sindicatos e aos grupos parlamentarios?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/04/2021 12:19:09**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 14/04/2021 12:19:25**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/04/2021 12:19:36**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio a Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas, e como visión unha entidade consolidada e amplamente recoñecida pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas ao grupo social de persoas con discapacidade.

AMARAI conta no concello de Boimorto cun centro de día e un centro ocupacional dotados con 19 e 23 prazas homologadas respectivamente.

O centro de día presta un servizo de atención diúrna terapéutica destinado a persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas, dependentes, que ben polas necesidades de atención que precisan, derivadas da súa discapacidade ou ben por razóns sociais ou familiares, teñen dificultade para unha integración familiar normalizada; e o centro ocupacional presta un servizo de atención diúrna ocupacional, para persoas con discapacidade con necesidades de apoio límite e intermitente, e/ou en situación de dependencia, que polas súas características necesitan dunha atención para potenciar os hábitos de vida diaria, así como actividades capacitadoras, terapéuticas e de formación para o emprego.

Dentro dos servizos ofertados pola asociación está o servizo de transporte adaptado propio, dotado con 5 furgonetas adaptadas para realizar os servizo de recollida e regreso aos seus domicilios das persoas usuarias, sendo un servizo fundamental para un completo desenvolvemento do Centro de Recursos.

A chegada da pandemia provocada pola Covid-19 obrigou aos gobernos a tomar medidas moi restritivas para evitar a propagación do virus, entre outras, limitando a mobilidade da poboación e obrigando ao distanciamento social.



A recuperación de parte da normalidade na nosa vida diaria veu acompañada dun seguimento de medidas preventivas que, no caso dos centros educativos de día ou centros ocupacionais obrigaban a distribuír aos usuarios e usuarias dos servizos en espazos burbullas que permiten, no caso de aparecer algún positivo, se limitasen as medidas de confinamento ás persoas integrantes desa burbulla, este criterio tamén tiña que se establecer no caso do transporte adaptado.

No caso do transporte adaptado do centro Amarai, o martes 6 de abril as familias recibiron unha carta asinada polo director do centro para informarlles de que a Consellería de Sanidade modificara o Regulamento de transporte que estaba vixente con motivo da Covid-19 e a partires dese momento autorizábase a facer as rutas de transporte ocupando a totalidade dos asentos dos que dispoñen as furgonetas, o que supón un risco alto para estes usuarios e usuarias que aínda non están vacinados e se trata dunha poboación moi vulnerable. Porén, o persoal do centro, así como os dependentes de grao 3 si están vacinados.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cales son as razóns polas que deixa de cumprirse o Regulamento que limitaba os usuarios e usuarias que podían ser trasladados conxuntamente no transporte adaptado?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/04/2021 13:02:29**

**Julio Torrado Quintela na data 15/04/2021 13:02:42**

**Marina Ortega Otero na data 15/04/2021 13:02:50**



## A Mesa do Parlamento

**Encarnación Amigo Díaz, Ramón Carballo Páez, Cristina Sanz Arias, José Manuel Balseiro Orol, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Na cidade de Lugo avanza a obra de construción do que aspira a converterse no primeiro centro integral de saúde de Galicia.

Falamos dun novo novo equipamento sanitario que aproveita o antigo espazo do hospital materno-infantil para acadar un edificio con máis de 5.600 metros cadrados.

Estas instalacións, concentrarán nun mesmo edificio todos os servizos dunha sanidade pública de primeiro nivel: o Servizo de Saúde Mental, a base do 061, o Punto de Atención Continuada e un moderno centro de saúde.

Esta actuación estratéxica pon de manifesto a aposta que a Xunta vén facendo na última década pola sanidade pública galega. De feito, o Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo está a investir 12 millóns de euros na construción deste equipamento sanitario de referencia.

Con este novo investimento, a sanidade lucense completará a enorme transformación que comezou en 2011 coa posta en funcionamento do Lucus Augusti.

A Xunta segue cumprindo os seus compromisos con Lugo. Un compromiso que supón ademais facer cidade, xa que o novo centro de saúde forma parte dunha actuación máis ambiciosa da Xunta para recuperar edificios públicos no barrio da Residencia e dotar aos veciños de máis e mellores servizos.

No marco deste proxecto global, o Executivo autonómico ten previsto neste barrio novos equipamentos socio-sanitarios, como a residencia da terceira idade que impulsa a Consellería de Política Social, ou servizos vinculados ao fomento do emprego, que está a desenvolver a Consellería de Economía.

Polo exposto os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que situación se atopa a obra de construción do centro integral de saúde de Lugo emprazado no barrio da Residencia?



- 2.- Ten constancia o Goberno galego de que o Concello de Lugo estea a traballar na mellora do entorno deste centro integral de saúde?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 15/04/2021 14:39:59**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**Ramón Carballo Páez na data 15/04/2021 14:40:28**

**Cristina Sanz Arias na data 15/04/2021 14:40:53**

**José Manuel Balseiro Orol na data 15/04/2021 14:41:15**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 15/04/2021 14:41:30**

**José Alberto Pazos Couñago na data 15/04/2021 14:41:42**

**Noelia Pérez López na data 15/04/2021 14:41:54**

**María Corina Porro Martínez na data 15/04/2021 14:42:12**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 15/04/2021 14:42:27**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/04/2021 14:42:59**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª,** sobre a constitución dunha Mesa Galega da Automoción.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual crise producida pola pandemia da COVID19 está a provocar unha aceleración da dixitalización e descarbonización da economía, o que representa un novo abano de oportunidades, mais tamén un grave risco para moitas actividades e para os empregos asociados.

Observamos como os avances tecnolóxicos están xerando polos de desenvolvemento moi localizados xeograficamente, onde se concentra o investimento e, polo tanto, tamén os seus rendementos. E comprobamos como Galiza queda ao marxe de eses investimentos mentres a Xunta acepta pacificamente os resultados da súa irrelevancia política no contexto estatal.

A CIG-INDUSTRIA denunciaba no ano 2018 un descenso da actividade no sector da automoción en Galiza debido a diferentes factores que afectaban tanto aos cadros de persoal de PSA Peugeot Citroen como das empresas de compoñentes.

A mesma central sindical alerta nesta ocasión das nefastas consecuencias para o emprego no sector que a chamada transición enerxética, cos cambios na mobilidade e







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tecnolóxicos que trae asociados, podería provocar no noso país, sen unha axeitada e pronta resposta por parte de todos os axentes presentes no sector.

Chaman a atención sobre o feito de termos unha produción moi orientada a vehículos para profesionais e/ou de baixo custo, sectores que mercan fundamentalmente vehículos diésel. Unha problemática que pode resultar especialmente grave se temos en conta que o 80% da produción está destinada a exportación, e desta porcentaxe, unha parte maioritaria a países da UE.

Países que están apostando decididamente por aquelas tecnoloxías que garantan unha mobilidade sen emisións ou con emisións moi reducidas. Unha aposta que non vemos a día de hoxe no sector da automoción galego.

Outro factor absolutamente crítico no sector, e moi de actualidade, é a seguridade nas cadeas de subministros, sobre todo de microchips. Elementos que coa electrificación dos vehículos e cos avances na conducción autónoma van ver aumentada a súa importancia.

O novo paradigma enerxético, e o contexto de fortes pugnas polos investimentos, fai que os gobernos de países periféricos como Galiza deban ser especialmente proactivos na elaboración e impulso de plans para aqueles sectores, como o da automoción, especialmente sensibles aos cambios en marcha.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Que cantidades económicas vía subvencións ten concedido a Xunta de Galiza directamente ou a través das súas diferentes entidades e organismos a favor da empresa





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PSA actual STELLANTIS desde o ano 2000? En que exercicios? A que programas dos diferentes orzamentos se imputaron os gastos?

. Que cantidades económicas vía subvencións ten concedido a Xunta de Galiza directamente ou a través das súas diferentes entidades e organismos a favor do CEAGA desde o ano 2000? En que exercicios? A que programas dos diferentes orzamentos se imputaron os gastos?

. Que medidas toman a Xunta de Galiza e os seus organismos para garantir que as subvencións concedidas ao sector da automoción axudan á creación de emprego nos centros galegos de estas empresas?

. Que plans ou proxectos vinculados ao sector da automoción con participación da Xunta de Galiza existen na actualidade? En que consisten? En que consiste a participación pública?

. Que estimacións manexa a Xunta de Galiza en canto a variacións no emprego que pode traer aparellado o cambio tecnolóxico no sector?

. Que plans ten a Xunta de Galiza para promover a fabricación de vehículos sen emisións no noso país? Ten algún proxecto para a instalación dunha fábrica baterías? Ten algún proxecto para impulsar a tecnoloxía de hidróxeno no sector?

. Que plans ten a Xunta de Galiza para promover a instalación de fábricas de microchips?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**  
**Daniel Pérez López**  
**Carme González Iglesias**  
Deputada e deputados do G.P. do BNG


**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 15/04/2021 17:06:15**

**Daniel Pérez López na data 15/04/2021 17:06:18**

**María do Carme González Iglesias na data 15/04/2021 17:06:28**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGGeVqAe914

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

